Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 56892 (10/PNC-004517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a implantación pola Xunta de Galicia, para a lexislatura 2016-2020, dun plan de rexeneración da rías galegas que reduza con efectividade os niveis de contaminación e poña fin ás infraccións da lexislación europea

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 56911 (10/PNC-004518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración dunha emerxencia cinxética respecto do xabaril, anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en 33 concellos de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 56923 (10/PNC-004519)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego dunha mesa de traballo para abordar a resposta á situación de emerxencia das Pontes e deseñar o desenvolvemento económico e industrial alternativo para a zona, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 56932 (10/PNC-004520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dunha proposta para a retirada e tratamento dos lodos contaminados procedentes da dragaxe da canle do río Lérez non susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 56938 (10/PNC-004521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do proxecto de creación dunha universidade privada en Galicia impulsado por Abanca

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 56943 (10/PNC-004522)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Dirección da CRTVG para o fomento do coidado e bo trato dos animais nas súas programacións, así como o veto dos contidos que poidan exaltar e defender o seu maltrato

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 56952 (10/PNC-004523)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa información trasladada ás direccións dos centros públicos de ensino da Coruña respecto da retirada das especialidades de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe dos catálogos de persoal dos centros de Infantil e Primaria

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 56966 (10/PNC-004524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos procesos de concentración parcelaria das parroquias de Baíña, Sexo, Agra, Val, Berredo, Eidián, Basadre, Ramil, Sesto e Brocos, do concello de Agolada

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, José Manuel Rey Varela, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, María Antón Vilasánchez, Cristina Isabel Romero Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Guadalupe Murillo Solís, Jackeline Elizabeth Fernández Macías, Gonzalo Trénor López, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro e Beatriz Mato Otero** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre unha situación que pon en cuestión o futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal e das 750 familias afectadas.

Exposición de motivos:

Desde a súa chega ao poder, o goberno de Pedro Sánchez ten feito todos os movementos posibles para acelerar o peche da central térmica das Pontes.

A primeira sinal foi nomear ministra de Transición Ecolóxica a Teresa Ribera, coñecida por elaborar un informe para o PSOE no que avogaba polo peche das centrais térmicas no ano 2025, adiantándose polo tanto 25 anos á data límite fixada pola normativa europea e ignorando os esforzos que determinadas centrais tiñan comprometidos para continuar a súa actividade ata o ano 2045 cun investimento destinado a rebaixar substancialmente o nivel de emisións.



A nova ministra deu pronto signos de querer virar a política do goberno cara a proposta do seu informe e en novembro de 2018, o seu Secretario de Estado de Enerxía anunciou solemnemente o peche de todas as centrais térmicas españolas antes do ano 2030.

A contestación social en Galicia obrigou á ministra Ribera a trasladarse a Galicia para reunirse co alcalde das Pontes e desmentir o anuncio feito polo seu propio departamento, mentres pola vía dos feitos seguía a torpedear a continuidade das térmicas mediante a aprobación dun Real Decreto-Lei que mantiña o chamado 'céntimo verde' á xeración de enerxía con carbón mentres o suprimía para a xeración con gas.

Así as cousas, o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou o día 11 de setembro de 2019 unha proposición non de lei a iniciativa do Grupo Popular, e co apoio dos grupos socialista e nacionalista, na que se demandaban determinadas actuacións ao Goberno de España.

Malia isto, o Goberno central non deu ningunha sinal de vontade de mudar a súa política.

Unha política que en ningún caso está a dar lugar a unha transición enerxética xusta e ordenada senón que está precipitando consecuencias abruptas en territorios como Galicia, onde este ano xa se duplica a taxa de enerxías renovables marcado polas institucións europeas para o ano 2030.

Desde o Grupo Parlamentario Popular cremos que o bo facer da nosa Comunidade Autónoma en materia de enerxías renovables e a contribución que desde Galicia se fai á consecución por parte de España dos obxectivos europeos en materia de enerxía limpa merecen que o Goberno de España actúe con criterios de xustiza e equidade á hora de tomar medidas cuxos impactos sociais e económicos son de tanta importancia para Galicia como o peche acelerado da central térmica das Pontes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que esixa ao Goberno de España que rectifique a súa política enerxética e tome as medidas necesarias, particularmente as solicitadas por este Parlamento o 11 de setembro de 2019, que permitan garantir a continuidade no funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata



o ano 2045, así como que proceda á negociación urxente dun convenio de colaboración para a posta en marcha da Estratexia de Transición Xusta en Galicia, como xa está a facer na maioría das comunidades autónomas e que inclúa a Galicia nas axudas europeas para as zonas mineiras afectadas pola transición enerxética”.

Santiago de Compostela 07 de outubro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/10/2019 18:08:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/10/2019 18:09:10

Diego Calvo Pouso na data 07/10/2019 18:09:31

José Manuel Rey Varela na data 07/10/2019 18:09:49

Marta Novoa Iglesias na data 07/10/2019 18:10:13

Jacobo Moreira Ferro na data 07/10/2019 18:10:30

Gonzalo Trenor López na data 07/10/2019 18:10:41

Moisés Rodríguez Pérez na data 07/10/2019 18:10:50

Maria Antón Vilasánchez na data 07/10/2019 18:11:00

María Guadalupe Murillo Solís na data 07/10/2019 18:11:12

Moisés Blanco Paradelo na data 07/10/2019 18:11:27

Sandra Vázquez Domínguez na data 07/10/2019 18:11:42

Paula Prado Del Río na data 07/10/2019 18:11:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2019 18:15:20
Nº Rexistro: 57089
Data envío: 07/10/2019 18:15:20.098

Beatriz Mato Otero na data 07/10/2019 18:12:11

Cristina Isabel Romero Fernández na data 07/10/2019 18:12:25

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 07/10/2019 18:14:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos próximos meses as galegas e galegos sufriremos un novo agravio froito da política enerxética de PP e PSOE no Estado e froito da política enerxética da década Feijóo ao fronte da Xunta de Galiza ao ter que asumir o pagamento dos denominados suplementos territoriais de 2013 na nosa factura de electricidade.

Así as cousas, a contía para cada persoa variará en función do consumo e a potencia contratada. Porén, o que fica claro é que Galiza sería quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos.

Para o Bloque Nacionalista Galego esta situación é un absoluto escándalo, xa que se está a castigar a Galiza por ser produtora, xa non é que non reciba ningunha compensación, agora vai ser penalizada por producir e exportar enerxía ao resto do Estado.

Esta situación é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos e o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas.

As medidas do goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha que fora suficiente neste tempo. Así mesmo, o goberno de Pedro Sánchez non amosou ningunha vontade para que as comunidades produtoras non nos vexamos prexudicadas.

O 22 de novembro de 2018 este Grupo Parlamentar impulsou na Cámara Galega o seguinte acordo:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que exclúa Galicia da orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses dos galegos e galegas e da nosa economía.

2. Caso de non prosperaren os recursos legais e políticos á aplicación dos suplementos territoriais, demandar do Estado a asunción de todos os custos que sexan requiridos para dar cumprimento a estas sentenzas, xa que foi una norma emitida polo Goberno central a causante destas.»

Fracasados os recursos legais da Xunta de Galiza, é hora de que o goberno galego cumpra este acordo e demande do goberno central a asunción dos pagamentos correspondentes a Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir co acordo parlamentario do 22 de novembro de 2018 e demandar do Goberno do Estado a asunción de todos os custos que sexan requiridos para dar cumprimento a estas sentenzas, xa que foi una norma emitida polo Goberno central a causante destas

2. Demandar a derogación dos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico que recollen a posibilidade de repercutir os suplementos territoriais sobre as persoas consumidoras para evitar situacións similares e por supoñer unha penalización ás comunidades produtoras e unha inxerencia ás competencias galegas en materia de tributación ambiental.

3. Habilitar os reforzos oportunos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para informar e atender ás persoas consumidoras afectadas por esta situación.”

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2019 13:07:33

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2019 13:07:45

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2019 13:07:55

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2019 13:08:02

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/09/2019 13:08:09

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2019 13:08:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos prolifera por toda Galiza a apertura de casas de apostas e salas de xogo, un proceso que forma parte do boom do xogo ao abeiro dunha lexislación anticuada e permisiva. Detrás deste proceso hai poderosos intereses económicos, un negocio que medra exponencialmente e que se concentra en moi poucas mans, e que está a crear graves problemas sociais e de saúde pública, entre os que cabe sinalar a adicción ao xogo por parte da infancia e a mocidade.

O retraso na modificación da lei do xogo de Galiza, que data de 1985, foi o caldo de cultivo para a proliferación das casas de apostas, das salas de xogo e das máquinas comecartos. O goberno galego reaccionou tarde e mal, coa tramitación da nova lei do xogo e coa moratoria na apertura de novas salas. A estas alturas, están autorizadas 118 salas de xogo e 41 casas de apostas.

Un dos exemplos deste marco normativo permisivo témolo no concello de Redondela, no que se está tramitando a autorización dunha casa de apostas e salón de xogos situado na rúa Ernestina Otero. Este local encóntrase nas proximidades dunha zona escolar e dunha área de lecer e deportiva, pola que diariamente transita moitísima





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xente nova. Resulta evidente que o local foi escollido estratexicamente para obter a máxima rendibilidade empresarial e para captar un público potencial de mozos e mozas.

Esta solicitude de autorización da casa de apostas conta con resolución favorábel da Dirección Xeral de Emerxencias, con data de 9 de abril de 2019. E actualmente está pendente da tramitación de licenza de actividade por parte do concello de Redondela

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao goberno galego a revogar a autorización á casa de apostas e sala de xogos da rúa Ernestina Otero en Redondela, tendo en conta a proximidade a unha zona escolar e a unha área deportiva e de lecer pola que pasan diariamente miles de escolares.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 12:57:16

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 12:57:22

Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 12:57:29

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 12:57:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 12:57:45

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 12:57:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os datos de coñecemento e uso do galego correspondentes a 2018 publicados polo IGE na Enquisa estrutural a fogares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A última Enquisa estrutural a fogares publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) recolle os datos relativos a coñecemento e uso da lingua galega.

Entre os resultados da mesma, destaca que:

- A porcentaxe de poboación que usa o galego sempre ou mais galego que castelán representa o 52,3% o que supón o 0,8 máis que na anterior enquisa (51,5%). Porén, cinco puntos menos que hai dez anos (cando representaba o 57% da poboación) e case dez menos que en 2003 (61,5%). Neste senso, malia o leve repunte en relación á anterior enquisa (2016), a tendencia continúa a ser decrecente.

- Por franxas de idade, a enquisa reflicte que o uso habitual decrece especialmente entre a poboación máis nova. Así, mentres o poboación de máis de 65 anos fala en galego sempre (48,48%) na súa grande maioría, progresivamente vai reducíndose nas seguintes forquitas.



- De 50 a 64 anos (32,78%) en galego sempre; 25,35% máis galego ca castelán.
- De 30 a 49 anos (23,66%) en galego sempre; 20,64% máis galego ca castelán.
- De 15 a 29 anos (18,94%) en galego sempre; 18,45% máis galego ca castelán.
- De 5 a 14 anos (14,27%) en galego sempre; 11,85% máis galego ca castelán.

- Os datos correspondentes á infancia e a mocidade evidencian que as franxas máis novas da poboación saben e usan de maneira habitual menos galego que as xeracións anteriores sendo, asemade, os grupos de idade onde maior incremento experimentou a porcentaxe de castelán-falantes. Entre os 5 e 14 anos pasou do 30% ao 44% en só dez anos. Do 25,5% ao 31,9% se falamos de 15 a 29 anos.

- Ao igual que en enquisas anteriores, o IGE sinala que entre a poboación menor de 30 anos a escola supera á familia como medio de aprendizaxe do galego.

- Aínda que o nivel de coñecemento da lingua propia do país continúa a ser alto (o 57,59% da poboación di saber “moito” galego), tamén sinala que case o 24% das persoas entre 5 e 14 anos non sabe expresarse en lingua galega o que representa máis dun punto sobre os resultados de 2013 e case oito máis que hai dez anos (16,4%).

Para o Bloque Nacionalista Galego, os datos do IGE evidencian,

1. Continúa a perda de falantes habituais do galego, malia o pequeno repunte experimentado, segundo a enquisa, entre quen di falar máis galego que castelán.



2. O retroceso entre falantes habituais menores de 30 anos e, especialmente, entre as persoas menores de 14 anos. Alén diso, non só falan menos galego senón que as crianzas que afirman non saber expresarse na lingua propia do país incrementouse case oito puntos desde hai dez anos.

3. O retroceso da lingua galega entre a infancia e mocidade contrasta coa realidade que atinxe outras nacións como Euskadi e Catalunya onde son, precisamente, as franxas de idade máis novas entre as que o euskera e o catalán gañan forza.

Especialmente preocupante é este último dato, máis aínda se temos en conta que as propostas do actual goberno da Xunta de Galiza no denominado Plan de dinamización do galego na mocidade, non contemplan ningunha actuación dirixida á poboación menor de 14 anos, sendo ademais practicamente nula a presenza do galego nas escolas infantís das cidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir os dereitos lingüísticos da mocidade e, especialmente, a infancia, impulsando, como mínimo, as seguintes cuestións:

- Estabelecer unha oferta educativa en galego para crianzas de 0 a 3 anos e na educación infantil para todas as nenas e nenos galegofalantes.
- Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 13:42:08

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 13:42:16

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 13:42:21

Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 13:42:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 13:42:34

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 13:42:41



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a situación da industria galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tempo que vimos alertando dos datos negativos da industria neste país. Os peches sucédense, pérdense miles de postos de traballo e capacidade produtiva e o drama do desemprego esténdese. Temos sobre a mesa os casos de Alcoa, Isowat, Poligal ou Vulcano, entre outras. Industrias punteiras no noso país moi ameazadas ante a falta dunha política industrial activa.

Unha tendencia que ven de corroborar o **Índice Xeral de Produción Industrial (IPI)** do Instituto Nacional de Estatística. Segundo este último dato, a produción baixou en xullo en Galicia un 0,1% en comparación co mesmo mes do ano anterior, o que contrasta coa subida media do 2,9% rexistrada no conxunto do estado.

Deste xeito, Galicia **acumula oito meses consecutivos de caídas interanuais**, xa que o último dato positivo data de novembro de 2018. De tal forma, a produción industrial galega descende un 6,2% no que vai de ano, entre xaneiro e xullo, o que supón o segundo maior retroceso entre comunidades, só superado por Baleares (-6,5%). Pola contra, a media no conxunto do estado conta cun repunte do 0,4% neste período.

Ante esta situación, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición



non de lei:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Convocar, de maneira urxente, a Mesa de industria.
- 2.- Elaborar unha diagnose da situación actual da industria galega e das súas perspectivas de evolución no curto e medio prazo, identificando as ramas de actividade con maior potencial de crecemento así como as actividades en situación de risco.
- 3.- Desenvolver, en diálogo cos axentes sociais, un Plan Industrial para Galicia que recolla, cando menos:

- a) O establecemento de obxectivos de crecemento da capacidade produtiva instalada, con medidas de apoio para que a produción industrial galega acade canto antes o obxectivo do 20% do PIB establecido pola Unión Europea para o ano 2020.
- b) Unha estratexia de captación de investimento directo, que supoña a ampliación significativa da planta industrial galega.
- c) O establecemento de estratexias para a diversificación industrial, que permitan paliar os riscos e aproveitar as oportunidades derivadas da transición enerxética.
- d) Un conxunto de medidas para a mellora da produtividade do sector industrial galego, entre as que se incluírá o incremento dos fondos destinados I+D+i con fins industriais.
- e) Un conxunto de medidas de apoio á exportación dos produtos industriais galegos.



f) Medidas de apoio á formación específica dos traballadores e traballadoras e de reemprazo xeracional.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/09/2019 14:10:33



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O 22 de abril de 2015 aprobouse no Parlamento de Galicia unha iniciativa que definiu algúns avances a facer na detección, tratamento e investigación desta doenza. Concretamente o acordo por unanimidade indicaba:

1. *Difundir a Guía de coidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría, matronas e matróns...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.*

2. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.*

3. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a creación de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinares nos hospitais públicos de Galicia. Partido dos Socialistas de Galicia*

4. *Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.*

5. *Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.*

6. *Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose.*



Non en tanto, as mulleres afectadas apuntan a un incumprimento destes acordos ou ao non desenvolvemento dalgunhas destas liñas, como a non disposición de recursos para poder cumprir medidas sinaladas na Guía de recursos ou a non creación de grupos de traballo sobre a creación de unidades especializadas ou a posta en marcha de plans de detección precoz.

A pesares de ser esta cuestión un tema que suscitou o interese no Parlamento de Galicia de varios grupos políticos hoxe na oposición, a Xunta de Galicia parece non afrontar ningunha das medidas que sinalou como relevantes no seu momento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cumprir os acordos adoptados por unanimidade dos grupos parlamentarios no ano 2015 sobre a detección, diagnóstico, tratamento e coñecemento da endometriose en Galicia.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 16:30:45

Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 16:30:55

María Luisa Pierres López na data 30/09/2019 16:31:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/09/2019 16:31:15



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A edición 2019 do informe da Fundación Foessa, sobre a exclusión e desenvolvemento social en Galicia, presentado recentemente por Cáritas, alerta de que tan só o 41 % da poboación galega está nunha situación de integración plena. No extremo oposto, case un de cada cinco galegos e galegas atópase en situación de exclusión social. Ademais, o 41,6 % da poboación galega atópase nunha situación precaria e conta cunha alta taxa de vulnerabilidade social e con risco de caer en situacións de pobreza ou exclusión, sobre todo no escenario dunha nova crise económica. Constátase, ademais, unha maior feminización da pobreza, pois o 20 % dos fogares sustentados por mulleres están en situación de exclusión. Entre as conclusións, destaca a énfase posta no papel da vivenda para inclusión ou exclusión. O Informe revela ademais que os efectos da recuperación económica non parecen facerse notar con claridade en Galicia: a maior parte da poboación galega, o 75,1 % non percibe a chegada dos efectos da recuperación económica ao seu fogar, porcentaxe que se amplía até o 80,8 % no caso das persoas que viven en fogares en situación de exclusión.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno de Feijoo para previr a marxinación e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a desigualdade, a pobreza e a exclusión social, na que se recollan entre outras:

1. Un programa de Renda Mínima compatible co salario que amplíe a axuda aos menores de familias con necesidade de xeito progresivo, co obxectivo de chegar ata os 15 anos nun horizonte definido.
2. Un plan de choque, dotado orzamentariamente, que teña como poboación obxectivo os fogares se ningún ingreso.
3. A creación dun parque de vivendas para o aluguer social.
4. Realizar unha campaña informativa naquelas cidades, vilas e aldeas onde se concentren as maiores bolsas de pobreza dentro da nosa comunidade autónoma, co obxectivo de incrementar o número de solicitantes da Risga entre a poboación en risco de exclusión social.
5. Levar a cabo as actuacións precisas para que na suspensión do pagamento da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia, mantéñanse ás persoas beneficiarias no programa mentres persistan as circunstancias que deron lugar á mesma, aínda que en ningún caso por un período continuado superior a 18 meses, transcorrido o cal o dereito á prestación extinguirase.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 16:50:02

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 16:50:11

María Luisa Pierres López na data 30/09/2019 16:50:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/09/2019 16:50:32



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os continuos estragos producidos polo xabaril está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos distintos cultivos e prados como no millo, nas hortas, na vide na castaña, etc; impedindo a sega e o ensilado do millo, actividades estas de recolleita, estacionais, que se ven entorpecidas polo por esta invasión masiva de xabaril.

Os ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras que quedan, tanto no referido aos custes de alimentación como á necesidade de poñer cercas, convencionais e/ou eléctricas. Estas son circunstancias que causan o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e á desesperación das persoas titulares das explotacións ao atoparse cada vez con máis atrancos no desenvolvemento da actividade agraria.

Os xabarís tamén ocasionan danos ecolóxicos que se están subestimando como é a presión sobre doutras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoa en perigo de desaparición (aves, réptiles, anfibios, coellos e micro mamíferos). E mesmo os riscos zoonosarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonosis das que son reservorios, como a tuberculose e doutras epidemias como a peste porcina africana que na actualidade se está estendendo por toda Europa e que se chegase a España e mesmo á nosa comunidade causaría enormes perdas económicas ao sector.



Unha das fontes de alimentación do xabaril é a dos cultivos de forraxe para o gando (millo e/ou herba principalmente, aínda que tamén outros cultivos como as patacas e produtos de hortas) polo fácil acceso que teñen desde as zonas boscosas ou de maleza nas que se resgardan. E é esta forraxe, tanto se se usa como alimento en fresco ou como despois de ser recollida e ensilada, a que pode transmitir ao gando algunha destas enfermidades.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que mediante a sinatura, á maior brevidade posible, dun convenio de colaboración coa universidade e/ou centros de investigación se desenvolva un estudo sobre a incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas á poboación do xabaril, e cos resultados acadados elaborar un plan antes de que remate o ano 2019 e que, entre outras cuestións, estableza medidas para erradicar esta vía de transmisión de enfermidades e evitar a súa propagación.

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2019 16:31:58

Oscar Vilar Chento na data 27/09/2019 16:32:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/09/2019 16:32:30



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á redución das rateos por aula.

Exposición de motivos

Un clamor habitual no inicio do curso escolar é o da necesidade de reducir as rateos nas aulas. Para a comunidade educativa, como é natural, aulas ateigadas de alumnos e alumnas é sinónimo de peor calidade educativa e, pola contra, aulas con poucas nenas e nenos permite unha atención máis personalizada, maior dedicación por parte dos docentes e, en definitiva, mellores resultados.

Porén, a consellería de ensino trata de confundir á cidadanía sacando bandeira da rateo media que pretende ocultar a dicotomía entre o medio rural e o urbano, con aulas saturadas nos ámbitos urbanos e perirurbanos e con peche de aulas e mesturas de niveis no ámbito rural.

Revisando a lexislación vixente referida ao número permitido de alumnado por aula temos que facer referencia ao Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil a educación primaria e a educación secundaria, segundo o cal os centros de segundo de infantil e primaria terán un máximo de 25 alumnos por unidade, 30 en secundaria e 35 en bacharelato. Cifras reiteradas na ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de



educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; salvo para o caso de bacharelato que se reducen a 33.

Rateos que aínda que un dos principais decretos-recortes educativos, o Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, preveu ampliar ata nun 10% o goberno do Partido Popular afirmou que non subiría. A práctica, sen embargo, demostra que isto non é así, toda vez que para os cálculos das rateos non se ten en conta ao alumnado repetidor sen que exista normativa algunha que avale dita práctica.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Contabilizar ao alumnado repetidor para o cálculo das rateos por aula.
- Cumprir coas rateos establecidas legalmente de 25 alumnas en Educación Infantil e Primaria, 30 en Educación Secundaria Obrigatoria e 33 en Bacharelato.
- Recuperar a senda de diálogo cos axentes sociais coa fin de poder reducir as rateos nas aulas, comezando polas da educación infantil.
- Cumprir o acordo asinado en 2009 sobre agrupamentos.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 16:59:44
Nº Rexistro: 56692
Data envío: 30/09/2019 16:59:44.568

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/09/2019 16:54:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/09/2019 16:54:24



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Nos recentes días foi coñecida a posibilidade de que a empresa propietaria do Hospital Povisa, propiedade ata o de agora dunha empresa galega, vendese este centro a un grupo empresarial norteamericano, dedicado principalmente ao negocio dos seguros médicos. Esta posible venda supón un elemento de inseguridade sobre as circunstancias que rodean á atención que presta este hospital na área sanitaria de Vigo.

O Hospital Povisa mantén un convenio co Sergas polo que supón o centro hospitalario de referencia para un volume aproximado de 135.000 persoas da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, e que supón un custe directo para os sistema público de máis de 80 millóns de euros ao ano. Esta circunstancia, xa anómala de por si, mantén un equilibrio inestable na prestación asistencial, xa que Povisa ofrece datos variables respecto do Sergas en cuestións como listas de espera ou as condicións laborais dos/as profesionais. A este escenario súmase a opacidade coa que o Sergas negociou e asinou con Povisa os últimos acordos, incluído o incremento da aportación que o sistema público fai a este centro privado para continuar coa asistencia concertada, elevando a contía pactada no anterior convenio por mor dunha intención unilateral da empresa de condicionar a asistencia sanitaria á recepción deses fondos.

A incerteza que rodea ao convenio e garantías que ofrece o centro Povisa e a opacidade e falta de información que a Xunta de Galicia vén amosando provoca preocupación na cidadanía e no colectivo de traballadores/as do centro.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a máxima calidade asistencial no centro hospitalario Povisa conforme aos estándares que o Sergas debe ofrecer para os centros hospitalarios de titularidade pública.
2. Defender o mantemento da plantilla de traballadores /as esixindo á nova firma propietaria, de darse o caso da venda, que cumpra co volume e condicións laborais dos/as profesionais que prestan asistencia no centro Povisa.
3. Elaborar un exhaustivo informe auditor da situación do centro hospitalario Povisa conforme ao acordo asinado co Sergas, así como das súas modificacións, que permita coñecer en profundidade a situación real e establecer criterios para a esixencia do seu cumprimento.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Vilán Lorenzo

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 17:33:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/09/2019 17:33:33

Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 17:33:42

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 17:36:41
Nº Rexistro: 56699
Data envío: 30/09/2019 17:36:41.873

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/09/2019 17:33:49

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Celta de Vigo e o Concello de Mos levan case dous anos tramando o pelotazo urbanístico de Mos, mediante a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para cambiar os usos do chan e facer posíbel a construción dun macrocentro comercial que ten a Cidade Deportiva do Celta como tapadeira.

Esta modificación puntual do Plan Xeral chega moi pouco tempo despois da aprobación do PXOM de Mos, en xaneiro de 2017 e conta co beneplácito e a complicidade da Xunta de Galiza e do PP, como se puxo de manifesto no acto de presentación da Cidade Deportiva do Celta en Mos, o 15 de decembro de 2017, acto no que participou o presidente da Xunta de Galicia.

O procedemento seguido é un exemplo de libro de desvío de poder e de uso das institucións para favorecer o interese privado sobre o interese público.

Tamén é un exemplo de libro de como a actuación da administración pública se pon ao servizo da empresa privada:

- O 15 de decembro de 2017 preséntase publicamente o proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O 16 de decembro de 2017 asínase entre o Celta e o Concello de Mos no que se acorda o procedemento e os pasos a seguir para levar a cabo o proxecto.
- O 17 de xaneiro de 2018, o concello de Mos envía escrito á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para iniciar o procedemento da avaliación ambiental estratéxica da Modificación do Plan Xeral de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios.
- O 16 de maio de 2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático fixo pública a resolución pola que se formula o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica da Modificación do PXOM de Mos.
- O 1 de decembro de 2018 o concello de Mos concede licenza para a construción na parroquia de Pereiras de varios campos de fútbol que forman parte do proxecto da Cidade Deportiva do Celta.

Ao longo de todo este procedemento, a Xunta de Galicia intentou coar pola porta de atrás, vía lei de acompañamento dos orzamentos, unha modificación da lei do solo (artigo 117 bis), pola que se pretendía outorgarlle a promotores privados as prerrogativas da administración para expropiar terreos e fixar o prezo.

2. Para avaliar todo este proceso cómpre ter en conta os informes citados na Resolución do 16 de maio de 2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, na que se inclúen numerosas obxeccións a este proxecto

- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo considera necesario xustificar axeitadamente a elección da expropiación como sistema de actuación, dado que o obxectivo da Modificación puntual é a implantación de usos e dotacións privadas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O Instituto de Estudos do Territorio constata o impacto visual e paisaxístico, cuestiona a necesidade de implantar un centro comercial (“Deberíase xustificar adecuadamente a necesidade de implantar unha área comercial a carón do complexo deportivo”), e propón buscar ubicacións alternativas.

- O concello de Vigo presenta diversas obxeccións, entre outras a necesidade de abastecemento de auga desde a rede municipal de Vigo, así como a incompatibilidade co uso racional do territorio e a sustentabilidade ambiental.

A edición 2019 do informe da Fundación Foessa, sobre a exclusión e desenvolvemento social en Galicia, presentado recentemente por Cáritas, alerta de que tan só o 41 % da poboación galega está nunha situación de integración plena. No extremo oposto, case un de cada cinco galegos e galegas atópase en situación de exclusión social. Ademais, o 41,6 % da poboación galega atópase nunha situación precaria e conta cunha alta taxa de vulnerabilidade social e con risco de caer en situacións de pobreza ou exclusión, sobre todo no escenario dunha nova crise económica. Constátase, ademais, unha maior feminización da pobreza, pois o 20 % dos fogares sustentados por mulleres están en situación de exclusión. Entre as conclusións, destaca a énfase posta no papel da vivenda para inclusión ou exclusión. O Informe revela ademais que os efectos da recuperación económica non parecen facerse notar con claridade en Galicia: a maior parte da poboación galega, o 75,1 % non percibe a chegada dos efectos da recuperación económica ao seu fogar, porcentaxe que se amplía até o 80,8 % no caso das persoas que viven en fogares en situación de exclusión.

Esta situación é a proba de que as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas postas en marchas polo Goberno de Feijoo para previr a marxinación e favorecer a inclusión social son insuficientes, e nalgúns casos practicamente inexistentes; falla de políticas efectivas de acceso a vivendas sociais para familias con rendas baixas ou carentes delas; longa tramitación burocrática que provoca un atraso na percepción da Risga, con requisitos de acceso que non contemplan todas as situacións de nova pobreza que se están producindo, e que satura ao persoal dos concellos; proxectos individualizados de inserción que non funcionan como tal na maioría dos casos, polo que se van cronificando moitas situacións de pobreza.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a desigualdade, a pobreza e a exclusión social, na que se recollan entre outras:

1. Un programa de Renda Mínima compatible co salario que amplíe a axuda aos menores de familias con necesidade de xeito progresivo, co obxectivo de chegar ata os 15 anos nun horizonte definido.
2. Un plan de choque, dotado orzamentariamente, que teña como poboación obxectivo os fogares se ningún ingreso.
3. A creación dun parque de vivendas para o aluguer social.
4. Realizar unha campaña informativa naquelas cidades, vilas e aldeas onde se concentren as maiores bolsas de pobreza dentro da nosa comunidade autónoma, co obxectivo de incrementar o número de solicitantes da Risga entre a poboación en risco de exclusión social.
5. Levar a cabo as actuacións precisas para que na suspensión do pagamento da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia, mantéñanse ás persoas beneficiarias no programa mentres persistan as circunstancias que deron lugar á mesma, aínda que en ningún caso por un período continuado superior a 18 meses, transcorrido o cal o dereito á prestación extinguirase.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 16:50:57

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 16:51:06

María Luisa Pierres López na data 30/09/2019 16:51:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/09/2019 16:51:27



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa á redución das rateos por aula.

Exposición de motivos

Un clamor habitual no inicio do curso escolar é o da necesidade de reducir as rateos nas aulas. Para a comunidade educativa, como é natural, aulas ateigadas de alumnos e alumnas é sinónimo de peor calidade educativa e, pola contra, aulas con poucas nenas e nenos permite unha atención máis personalizada, maior dedicación por parte dos docentes e, en definitiva, mellores resultados.

Porén, a consellería de ensino trata de confundir á cidadanía sacando bandeira da rateo media que pretende ocultar a dicotomía entre o medio rural e o urbano, con aulas saturadas nos ámbitos urbanos e perirurbanos e con peche de aulas e mesturas de niveis no ámbito rural.

Revisando a lexislación vixente referida ao número permitido de alumnado por aula temos que facer referencia ao Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil a educación primaria e a educación secundaria, segundo o cal os centros de segundo de infantil e primaria terán un máximo de 25 alumnos por unidade, 30 en secundaria e 35 en bacharelato. Cifras reiteradas na ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de



educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; salvo para o caso de bacharelato que se reducen a 33.

Rateos que aínda que un dos principais decretos-recortes educativos, o Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, preveu ampliar ata nun 10% o goberno do Partido Popular afirmou que non subiría. A práctica, sen embargo, demostra que isto non é así, toda vez que para os cálculos das rateos non se ten en conta ao alumnado repetidor sen que exista normativa algunha que avale dita práctica.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Contabilizar ao alumnado repetidor para o cálculo das rateos por aula.
- Cumprir coas rateos establecidas legalmente de 25 alumnas en Educación Infantil e Primaria, 30 en Educación Secundaria Obrigatoria e 33 en Bacharelato.
- Recuperar a senda de diálogo cos axentes sociais coa fin de poder reducir as rateos nas aulas, comezando polas da educación infantil.
- Cumprir o acordo asinado en 2009 sobre agrupamentos.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 16:59:10
Nº Rexistro: 56689
Data envío: 30/09/2019 16:59:10.915

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/09/2019 16:54:54

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/09/2019 16:55:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en na Comisión 7ª.

Os continuos estragos producidos polo xabaril están ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos distintos cultivos e prados como no millo, nas hortas, na vide na castaña, etc; impedindo a sega e o ensilado do millo, actividades estas de recolleita, estacionais, que se ven entorpecidas polo por esta invasión masiva de xabaril.

Os ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras que quedan, tanto no referido aos custes de alimentación como á necesidade de poñer cercas, convencionais e/ou eléctricas. Estas son circunstancias que causan o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e á desesperación das persoas titulares das explotacións ao atoparse cada vez con máis atrancos no desenvolvemento da actividade agraria.

Os xabarís tamén ocasionan danos ecolóxicos que se están subestimando como é a presión sobre doutras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoa en perigo de desaparición (aves, réptiles, anfibios, coellos e micro mamíferos). E mesmo os riscos zoonosarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonosis das que son reservorios, como a tuberculose e doutras epidemias como a peste porcina africana que na actualidade se está estendendo por toda Europa e que se chegase a España e mesmo á nosa comunidade causaría enormes perdas económicas ao sector.



Unha das fontes de alimentación do xabaril é a dos cultivos de forraxe para o gando (millo e/ou herba principalmente, aínda que tamén outros cultivos como as patacas e produtos de hortas) polo fácil acceso que teñen desde as zonas boscosas ou de maleza nas que se resgardan. E é esta forraxe, tanto se se usa como alimento en fresco ou como despois de ser recollida e ensilada, a que pode transmitir ao gando algunha destas enfermidades.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que mediante a sinatura, á maior brevidade posible, dun convenio de colaboración coa universidade e/ou centros de investigación se desenvolva un estudo sobre a incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas á poboación do xabaril, e cos resultados acadados elaborar un plan antes de que remate o ano 2019 e que, entre outras cuestións, estableza medidas para erradicar esta vía de transmisión de enfermidades e evitar a súa propagación.

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2019 16:33:53

Oscar Vilar Chento na data 27/09/2019 16:34:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/09/2019 16:34:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Celta de Vigo e o Concello de Mos levan case dous anos tramando o pelotazo urbanístico de Mos, mediante a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para cambiar os usos do chan e facer posíbel a construción dun macrocentro comercial que ten a Cidade Deportiva do Celta como tapadeira.

Esta modificación puntual do Plan Xeral chega moi pouco tempo despois da aprobación do PXOM de Mos, en xaneiro de 2017 e conta co beneplácito e a complicidade da Xunta de Galiza e do PP, como se puxo de manifesto no acto de presentación da Cidade Deportiva do Celta en Mos, o 15 de decembro de 2017, acto no que participou o presidente da Xunta de Galicia.

O procedemento seguido é un exemplo de libro de desvío de poder e de uso das institucións para favorecer o interese privado sobre o interese público.

Tamén é un exemplo de libro de como a actuación da administración pública se pon ao servizo da empresa privada:

- O 15 de decembro de 2017 preséntase publicamente o proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O 16 de decembro de 2017 asínase entre o Celta e o Concello de Mos no que se acorda o procedemento e os pasos a seguir para levar a cabo o proxecto.

- O 17 de xaneiro de 2018, o concello de Mos envía escrito á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para iniciar o procedemento da avaliación ambiental estratéxica da Modificación do Plan Xeral de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios.

- O 16 de maio de 2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático fixo pública a resolución pola que se formula o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica da Modificación do PXOM de Mos.

- O 1 de decembro de 2018 o concello de Mos concede licenza para a construción na parroquia de Pereiras de varios campos de fútbol que forman parte do proxecto da Cidade Deportiva do Celta.

Ao longo de todo este procedemento, a Xunta de Galicia intentou coar pola porta de atrás, vía lei de acompañamento dos orzamentos, unha modificación da lei do solo (artigo 117 bis), pola que se pretendía outorgarlle a promotores privados as prerrogativas da administración para expropiar terreos e fixar o prezo.

2. Para avaliar todo este proceso cómpre ter en conta os informes citados na Resolución do 16 de maio de 2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, na que se inclúen numerosas obxeccións a este proxecto

- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo considera necesario xustificar axeitadamente a elección da expropiación como sistema de actuación, dado que o obxectivo da Modificación puntual é a implantación de usos e dotacións privadas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O Instituto de Estudos do Territorio constata o impacto visual e paisaxístico, cuestiona a necesidade de implantar un centro comercial (“Deberíase xustificar adecuadamente a necesidade de implantar unha área comercial a carón do complexo deportivo”), e propón buscar ubicacións alternativas.

- O concello de Vigo presenta diversas obxeccións, entre outras a necesidade de abastecemento de auga desde a rede municipal de Vigo, así como a incompatibilidade co uso racional do territorio e a sustentabilidade ambiental.

- A Confederación Hidrográfica Miño-Sil fai referencia á afección aos recursos hídricos e aos cursos de auga.

-A Demarcación de Estradas do Estado en Galicia informa da afección á rede viaria estatal, concretamente á proposta de variante da autovía Vigo Porriño.

A maiores o documento sinala o impacto do sistema viario e da mobilidade, cunha previsión de movemento de 8.000 vehículos día, que se incrementaría a 12.000 os sábados (o 92-95% vinculados ao uso comercial), polo que sería necesario dotar o equipamento de servizo de transporte público desde Vigo.

Tamén cómpre ter en conta o impacto do viario e do centro comercial no patrimonio cultural, coa afección ao xacemento romano de Pereiras catalogado no PXOM.

A maiores deberíase considerar as previsións das Directrices de Ordenación do Territorio a respecto da necesidade de garantir o desenvolvemento económico sustentábel, a utilización racional do territorio e a súa sustentabilidade ambiental.

En definitiva, a Modificación puntual prevé a transformación dunha gran superficie de solo clasificado como solo rústico de especial protección, con unha





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importante incidencia sobre a variabel ambiental, con importantes movementos de terra, efectos paisaxísticos significativos, impacto sobre o comercio de Mos e de toda a área, impacto no cambio climático, etc.

3. De todo o anterior derívase una conclusión: o concello de Mos e a Xunta de Galicia pretenden facer pasar un dromedario polo ollo dunha agulla.

Pretenden camuflar como Cidade Deportiva un macrocentro comercial

Pretenden declarar a utilidade pública para desenvolver un proxecto privado de clara intencionalidade lucrativa.

Pretenden forzar e violentar a lei para favorecer intereses privados. E xa sabemos cales son as consecuencias cando estes “procedementos” acaban nos tribunais.

Pretenden arrasar case 1 millón de metros cadrados de solo rústico, grande parte de uso forestal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a informar desfavorabelmente a modificación puntual do PXOM de Mos polos seguintes motivos:

- Polo seu fortísimo impacto paisaxístico, no patrimonio, nos recursos hídricos, na mobilidade e no clima.
- Porque contradí os principios de desenvolvemento económico sustentábel, utilización racional do territorio e preservación dos recursos naturais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Porque prexudica o interese público e favorece única e exclusivamente o interese privado dun macrocentro comercial.
- Porque existen alternativas con moito menor impacto para construír a Cidade Deportiva do Celta.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 17:26:14

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 17:26:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 17:26:27

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 17:26:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 17:26:43

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 17:26:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Nos recentes días foi coñecida a posibilidade de que a empresa propietaria do Hospital Povisa, propiedade ata o de agora dunha empresa galega, vendese este centro a un grupo empresarial norteamericano, dedicado principalmente ao negocio dos seguros médicos. Esta posible venda supón un elemento de inseguridade sobre as circunstancias que rodean á atención que presta este hospital na área sanitaria de Vigo.

O Hospital Povisa mantén un convenio co Sergas polo que supón o centro hospitalario de referencia para un volume aproximado de 135.000 persoas da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, e que supón un custe directo para os sistema público de máis de 80 millóns de euros ao ano. Esta circunstancia, xa anómala de por si, mantén un equilibrio inestable na prestación asistencial, xa que Povisa ofrece datos variables respecto do Sergas en cuestións como listas de espera ou as condicións laborais dos/as profesionais. A este escenario súmase a opacidade coa que o Sergas negociou e asinou con Povisa os últimos acordos, incluído o incremento da aportación que o sistema público fai a este centro privado para continuar coa asistencia concertada, elevando a contía pactada no anterior convenio por mor dunha intención unilateral da empresa de condicionar a asistencia sanitaria á recepción deses fondos.

A incerteza que rodea ao convenio e garantías que ofrece o centro Povisa e a opacidade e falta de información que a Xunta de Galicia vén amosando provoca preocupación na cidadanía e no colectivo de traballadores/as do centro.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a máxima calidade asistencial no centro hospitalario Povisa conforme aos estándares que o Sergas debe ofrecer para os centros hospitalarios de titularidade pública.
2. Defender o mantemento da plantilla de traballadores /as esixindo á nova firma propietaria, de darse o caso da venda, que cumpra co volume e condicións laborais dos/as profesionais que prestan asistencia no centro Povisa.
3. Elaborar un exhaustivo informe auditor da situación do centro hospitalario Povisa conforme ao acordo asinado co Sergas, así como das súas modificacións, que permita coñecer en profundidade a situación real e establecer criterios para a esixencia do seu cumprimento.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Vilán Lorenzo

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 17:32:07

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/09/2019 17:32:17

Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 17:32:28





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 17:36:57
Nº Rexistro: 56701
Data envío: 30/09/2019 17:36:57.274

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/09/2019 17:32:36

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 4ª**.

Exposición de motivos:

A Asociación de Nais e Pais do Alumnado do IES Chamoso Lamas do Carballiño presentou unha solicitude para modificar unha parada do transporte escolar en Fonteantiga, en San Fiz do Barón.

Esta solicitude faise porque a parada dista 400 metros da casa dunha persoa menor que acode ao IES Lamas do Carballiño. A parada non conta con elementos para resgardarse, nin con luz e o traxecto non ten alumeado público, polo tanto non se dan as condicións de seguridade necesarias para que a menor faga o percorrido con seguridade.

Son moitas ás razóns que explican o despoboamento das zonas rurais, sendo unha delas a dificultade da cidadanía para acceder aos servizos básicos, o cal nos coloca nunha situación de desigualdade fronte a cidadáns de zonas urbanas.

O caso de O Carballiño non é un caso illado. No Concello de Manzaneda, no cal resido, tamén existen casos nos que o transporte escolar non é acorde á demanda existente, tendo que ser as nais e pais os que, ou ben teñan que saír dos seus traballos para suplir as carencias da Xunta de Galicia en materia de transporte, ou ben pagando un servizo de taxi, asumindo así un gasto extra de tempo e diñeiro.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reconsiderar a súa política de transporte escolar no medio rural, acercando o servizo a tódolos nenos e nenas que o precisen, como medida indispensable para a fixación de poboación no rural, de maneira que se garanta dito transporte dende as vilas aos centros educativos.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputado, deputada e voceiro do G.P. **Mixto.**

Comentario [TAI1]: i

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 30/09/2019 17:43:49

Paula Vázquez Verao na data 30/09/2019 17:44:00



Luis Villares Naveira na data 30/09/2019 17:44:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actuación do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo constitúe un exemplo negativo do que debe ser un cargo público, pola súa prepotencia, o seu desprezo aos dereitos do persoal, a mala xestión do Porto, e as malas relacións con outras institucións.

A anulación do Plan de Usos do Porto, a perda de actividade e influencia do Porto de Vigo, a desastrosa xestión do accidente do Marisquiño, os ataques a representantes políticos, a falta de respecto polo medio e o patrimonio... forman parte da folla de servizo dunha persoa que foi nomeada a proposta da Xunta de Galiza.

O sr. López Veiga actúa como un sultán que exerce o “autoritarismo portuario”, un “modus operandi” que se caracteriza polo desprezo ás persoas, ás institucións, á ría e aos recursos culturais e naturais.

O exemplo máis claro da mala xestión do Presidente da Autoridade Portuaria é o declive do Porto de Vigo, que perde competitividade en relación con portos veciños,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

principalmente co de Leixoes, que move o 40% máis de mercadorías que Vigo, Marín e Vilagarcía xuntos.

O último episodio da desastrosa xestión da súa xestión tivo lugar o pasado venres 27 de setembro na reunión do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, na que o Presidente da Autoridade Portuaria presentou a proposta de desmantelamento do cargadoiro de mineral da MineroSiderúrxica de Ponferrada, situado en Rande. A proposta foi aprobada polo consello de administración, aínda que conta coa oposición do concello de Redondela e de numerosos colectivos veciñais e de defensa do patrimonio.

Na tramitación desta proposta produciuse unha omisión moi grave, ao ocultar que esta estrutura está catalogada e polo tanto conta con protección patrimonial. Ademais, non se ten en consideración que o cargadoiro forma parte dun conxunto de bens de interese histórico, cultural e patrimonial que deberían ser obxecto de protección, conservación e rehabilitación.

Polo anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Solicitar ao goberno do Estado a destitución do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.
2. Iniciar os trámites para a declaración como BIC, coa categoría de sitio histórico, dos elementos de patrimonio histórico, industrial e etnográfico situados na enseada de San Simón, entre A Portela e Rande: os cargadoiros de mineral, as fábricas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de conserva, a fábrica de salga da Regasenda, as instalacións portuarias e restos da fortaleza de Rande.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 17:51:35

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 17:51:42

Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 17:51:50

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 17:51:57





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 17:52:06

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 17:52:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Autoridade Portuaria de Vigo é un Ente de carácter público, dependente de Portos do Estado (Ministerio de Fomento). A Presidencia do ente é designada polo goberno central, a proposta da Xunta de Galiza.

A área de influencia da Autoridade Portuaria de Vigo esténdese por outros catro concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela, ocupando tanto terreos do dominio público marítimo terrestre como aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas.

Arredor de 20 ha. da beiramar do concello de Redondela, ao longo de 5 km de costa, están suxeitos ás directrices que emanan dende a Presidencia e o consello de administración da Autoridade portuaria de Vigo.

Na actualidade varias empresas están radicadas na zona próxima ao mar, con importantes aterramentos, mesmo dentro da Rede Natura 2000.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das parcelas de maior tamaño constitúena os terreos da Empresa Duchess, ou do “Cargadoiro de Mineral de Rande”. Nos últimos anos dende a presidencia da Autoridade

Portuaria manifestouse en diversas ocasións o interese por rendibilizar os terreos ociosos desta concesión, ao igual que os de David Fernández Grande, ou “Cargadoiro de Pedra”.

A primeira das propostas que o Presidente da Autoridade Portuaria lanzou propoñía converter estes terreos enclavados no Estreito de Rande en peirao para arranxo de barcos, ou para aqueles que puidesen quedar abandonados. Mesmo recollía a posibilidade de desmantelar o propio Cargadoiro, unha das pezas máis singulares da histórica industrialización da beiramar de Redondela.

Nas últimas semanas o presidente da Autoridade Portuaria vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa Duchess, co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións. Convertiríase este ámbito, de algo máis de 40.000m², nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000. Segundo trascendeu publicamente, a proposta conta co respaldo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, da que forman parte Alfonso Rueda, Ignacio López Chaves e Mercedes Rodríguez.

Calquera das alternativas propostas volve a poñer en grave risco o xa de por si difícil equilibrio medioambiental dun espazo tan singular como o Estreito de Rande, a Enseada de San Simón, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC), Rede Natura 2000.

Este espazo singular, alberga o escenario da Batalla Naval de Rande, o Museo Meirande, ademais doutros elementos de grande valor como a Illa de San Simón, os





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restos da fortificación defensiva de Rande, a praia de Cesantes, e numerosas mostras de patrimonio industrial e etnográfico, como os cargadoiros de mineral, elementos que están catalogados e contan con protección patrimonial.

Un proxecto destas características vai levar aparelado un elevado investimento tanto na adquisición dos terreos como na execución das obras dos accesos. E vai ter un impacto moi negativo na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana, debido principalmente ao tráfico pesado. En lugar de protexer e potenciar os valores culturais e ambientais da zona, preténdese alterar este espazo da beiramar converténdoo nun almacén de contedores.

Por outra banda, a Plataforma Loxística Salvaterra As Neves (PLISAN), promovida pola Xunta de Galiza, Zona Franca e Autoridade Portuaria, logo de máis de unha década de retraso, está no proceso de urbanización da primeira fase. Parece lóxico que este “porto seco” actúe como espazo loxístico e acolla proxectos como o que a autoridade portuaria de Vigo pretende ubicar en Rande.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a

1. Rexeitar a proposta da Autoridade Portuaria de Vigo de converter os terreos da Empresa Duchess, e do “Cargadoiro de Mineral”, así como os terreos adxacentes, en almacén de contedores, ou de calquera outra actividade que supoña un impacto negativo na contorna.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Tendo en conta os valores históricos, culturais e ambientais desta zona que forma parte da Rede Natura, establecer un proceso de diálogo coa Autoridade Portuaria de Vigo e co Concello de Redondela coa finalidade de garantir un plan de usos destes espazos que garantan a protección ambiental e a dinamización social e cultural.

3. Iniciar os trámites para a declaración como BIC, coa categoría de sitio histórico, dos elementos de patrimonio histórico, industrial e etnográfico situados na enseada de San Simón, entre A Portela e Rande: os cargadoiros de mineral, as fábricas de conserva, a fábrica de salga da Regasenda, as instalacións portuarias e restos da fortaleza de Rande, .

4. Establecer un proceso de diálogo coa Autoridade Portuaria de Vigo para estudar a ubicación do almacén de contedores na PLISAN.

5. Trasladar estes acordos á Presidencia e Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, á representación da Xunta neste consello, a Portos do Estado e ao Ministerio de Fomento.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 18:17:21

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 18:17:26

Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 18:17:41

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 18:17:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 18:17:54

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 18:18:01



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Os nosos medios de comunicación públicos seguen, oito anos despois da aprobación da Lei 9/2011, do 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, postos ao servizo dos intereses partidarios do PP. Continúa o bloqueo de todas aquelas previsións que favorecen a profesionalidade e a neutralidade informativa: a elección parlamentaria do director xeral, o estatuto profesional, o Consello de informativos, os contratos-programa, a produción propia completa dos informativos, a Lei do audiovisual e Consello do Audiovisual...

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño de 2018, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 71 edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, así como diferentes mobilizacións no 2018: a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela, os paros parciais, e dúas folgas de 24 horas dos días 19 e 22 de decembro.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e cumprir de xeito completo antes do remate da X Lexislatura, a totalidade dos aspectos e instrumentos previstos na *Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*, de xeito especial no relativo a aquelas disposicións contempladas na lei destinadas a garantir a obxectividade e pluralidade dos medios de comunicación públicos galegos, procedendo de xeito inmediato a iniciar a efectiva elección dun novo director ou directora da Corporación RTVG, promover as actuacións necesarias para a aprobación do estatuto profesional e posta en marcha do consello de informativos, así como presentar un proxecto de lei para a creación da Autoridade audiovisual independente.

Pazo do Parlamento, 01 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/10/2019 11:38:29

Julio Torrado Quintela na data 01/10/2019 11:38:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2019 11:38:49

María Teresa Porritt Lueiro na data 01/10/2019 11:39:01

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 12:29:12
Nº Rexistro: 56773
Data envío: 01/10/2019 12:29:12.544

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/10/2019 11:39:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo o IGE, hai en Galicia 58.201 nenos e nenas de idades comprendidas entre 0 a 3 anos. Segundo datos da Xunta de Galicia, so hai prazas en escolas infantís públicas e de xestión pública para o 16,7 % (2 de cada 10) da poboación infantil que está neste tramo de idade, se contamos as concertadas nin para a metade (38,5 %). O ano pasado nas listaxes provisionais de 172 escolas da Galiña Azul quedaron fóra case 4.000 menores. A pesares do cal no Debate do Estado da Autonomía celebrado o 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que na actualidade o número de prazas públicas en escolas infantís é “o dobre que no ano 2009”.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Tal e como dixemos daquela, este anuncio do Goberno galego non foi máis que a continuación das políticas do señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar e mellorar a rede de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos, tal que o acceso constitúa un dereito subxectivo e universal, propiciando medidas de conciliación da vida familiar e laboral e incrementando de maneira urxente o número de prazas públicas en escolas infantís ata niveis en que se elimine a lista de agarda, avanzando de xeito decidido paulatinamente cara a gratuidade nesta etapa escolar, co obxectivo de que no horizonte do ano 2024, un 50 por cento dos menores de tres anos estean atendidos en centros escolares que pertenczan a unha rede de recursos pública e gratuíta, e sexa totalmente gratuíta para, cando menos, o segundo fillo e



seguintes, e todos os que pertencen a familias con renda inferior a 2,5 veces o IPREM.

Pazo do Parlamento, 01 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/10/2019 11:43:49

Julio Torrado Quintela na data 01/10/2019 11:44:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/10/2019 11:44:10



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O desleixo de funcións do Goberno de Feijoo levou a que Galicia, unha das comunidades autónomas con taxa de envellecemento máis elevada de todo España e de parte de Europa, teña unha taxa praza residencial/habitante maiores de 64 anos do 3,05 %, moi inferior ao 4,02 % de media estatal, e o 5 % que esixe a propia OMS.

No Debate do Estado de Autonomía, celebrado o 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que a respecto do ano 2009, “hai o triplo de prazas públicas en centros de día”. Tamén que “no caso dos que optan por unha residencia, teñen un 42 % máis de prazas públicas”.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir antes do remate da actual lexislatura, as licitacións das sete residencias de maiores anunciadas, garantindo a xestión propia e pública das mesmas, co obxectivo de alcanzar, no menor prazo de tempo posible, a ratio de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 e máis anos recomendada pola OMS e que, en todo caso, non será inferior á media estatal.

Pazo do Parlamento, 01 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/10/2019 11:47:14

Julio Torrado Quintela na data 01/10/2019 11:47:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/10/2019 11:47:32



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A eliminación da taxa de reposición no eido da sanidade pública galega foi unha petición reiterada neste Parlamento nos últimos anos.

En marzo de 2017, gobernando o presidente Rajoy, aprobouse en Pleno por unanimidade unha proposición non de lei do grupo socialista instando ao Goberno do Estado a eliminar do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde cando estas afecten postos de traballo de carácter estable.

A limitación das taxas de reposición foi unha medida adoptada polo goberno socialista do presidente Rodríguez Zapatero no ano 2010, diante da gravísima situación económica orixinada pola crise económica, permitindo unicamente a convocatoria do 10% das prazas do persoal que se xubilase nese ano, e amortizando as restantes.

Posteriormente, o goberno do Partido Popular foi elevando esa taxa ata o 50% e despois ao 100%, estando na actualidade no 108% nas comunidades cumpridoras, como é o caso de Galicia.

Nesta última convocatoria, engadíronse ademais para a sanidade pública ese excedente do 8% das prazas de Administración Xeral e de Educación, diante da grave situación de persoal que atravesaba o sistema sanitario.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar a demanda ao Goberno de España da retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o Sistema Sanitario Público”.





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 13:10:29
Nº Rexistro: 56784
Data envío: 01/10/2019 13:10:29.075

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/10/2019 13:04:14

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/10/2019 13:04:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/10/2019 13:04:52

María Ángeles Garcia Míguez na data 01/10/2019 13:05:09

Marta Rodriguez Arias na data 01/10/2019 13:05:23

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/10/2019 13:05:38

María Soraya Salorio Porral na data 01/10/2019 13:05:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/10/2019 13:06:05

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 01/10/2019 13:06:25

Raquel Arias Rodríguez na data 01/10/2019 13:06:34

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu **deputado Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu **voceiro Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, sobre os falsos casos de positivos en tuberculose no gando vacún.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nestes últimos meses están a xurdir varios casos de positividade por tuberculose en gando vacún nos concellos da Comarca do Macizo Central ourensán.

O protocolo sanitario establece que estes animais deben de ser sacrificados a partires da primeira análise que reflicta posibilidade de contaxio, incluíndo os “positivos dubidosos”. Namentres, a única proba que certifica cen por cen a presenza de tuberculose no gando é a proba post mortem. Unha vez realizada esta e certificando que o animal estaba en boas condicións, atopámonos con que o gandeiro ou gandeira perderon un 60% do valor do animal.

Segundo vimos observando dende En Marea, só nunha mínima parte destes casos a proba post mortem corrobora a existencia de tuberculose.

Tamén temos que por de manifesto a incongruencia de que para un recurso de alzada contra o resultado pode pasar un mes, namentres o expediente obriga a finalizar o proceso en 15 días, podendo o ou a gandeira enfrontarse a multas que van dende os 3.000 e os 60.000 euros.

Cómpre levar ao extremo o control sanitario do noso gando, e iso habería de incluír a aplicación de probas realmente fiábeis para a detección das posíbeis



enfermidades e non movernos nos casos de “supostos”, que en numerosas ocasións acaban supoñendo unha perda económica inxusta para as explotacións, nomeadamente do sector lácteo, agravando inda máis a actual situación.

Detectamos dende En Marea a necesidade do establecemento de procedementos de control sanitario rigorosos para manter nas mellores condicións sanitarias a nosa cabana gandeira.

Consideramos que antes de levar a cabo o sacrificio das vacas haberíase de establecer medidas exhaustivas de control sanitario destes animais co obxectivo de confirmar se verdadeiramente están enfermos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Suspende a marcaxe e o posterior sacrificio dos animais que deron positivo “dubidoso” en canto non se acade un novo protocolo de actuación por parte da consellería e do responsable de sanidade animal.
2. Realizar novas probas, dado que non se están a facer correctamente en moito casos, e que ademais temos constancia de que só o 0,01 dos casos de vacas dubidosas de tuberculose dá positivo na análise post mortem, o que demostra a escasa fiabilidade das probas actuais.
3. No caso que se confirmen as vacas positivas, solicitamos que se lle dea a posibilidade ao/á gandeiro/a de elixir o tipo de sacrificio (selectivo ou baleirado) e coas mesmas indemnizacións (indemnización por animal sacrificado e lucro cesante).



4. Que no baremo que se usa para indemnizar os animais se teñan en conta, ademais da idade, tipo de animal, xenética, raza, tipo de explotación – intensiva, extensiva ou ecolóxica.
5. Cubrir os gastos de desprazamento dos animais dentro das axudas a os custes, xa que esta, non deixa de ser unha obriga imposta de sacrificio aínda que despois dea negativo en matadoiro.
6. Implementar un plan de control de fauna salvaxe para controlar a transmisión da tuberculose, xa que estes animais son reserva da micobacteria.
7. Informar ós interesados de cal é o protocolo real e completo a seguir para tentar controlar a enfermidade, xa que existe actualmente unha clara diversidade de criterios de aplicación, creando incertidume nos afectados.
8. Continuar cun programa de saneamento anual, claro e ben regulado, para evitar posibles problemas futuros respecto á enfermidade, aínda que se declare Galiza libre de tuberculose (está claro que os gandeiros son os primeiros interesados en ter explotacións sans).
9. Realizar un maior control sobre reses traídas doutras comunidades autónomas, xa que cada comunidade aplica o control da enfermidade de maneira diferente, así como das traídas doutros países, onde pode non existir nin o control da enfermidade. Débense ter en conta a aplicación de corentenas reais si existen en movementos de gando deste tipo.
10. A desaparición do marcado previo dun animal que tras aplicación total das probas existentes acabe resultando como san, xa que automaticamente xera unha perda de valor inxustificada nesa res.



11. En caso de sacrificio e posterior resultado como san, o animal debe ser indemnizado cun valor axeitado ó real, e non ser pagado como animal enfermo.
12. Retirar os descontos aplicados ás compensacións estipuladas por lucro cesante dos importes cobrados polo gandeiro por parte de seguros contratados a título particular.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 01/10/2019 17:35:59

Luis Villares Naveira na data 01/10/2019 17:36:09



Á MESA DO PARLAMENTO

O GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, comunica que se debe realizar a seguinte **corrección de erros** nas **Proposicións non de lei** con número de rexistro **56805** e **56806**, sobre os **falsos casos de positivos en tuberculose no gando vacún**, que consiste na **supresión do punto 6** en cada unha das dúas iniciativas mencionadas.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/10/2019 16:03:31

Luis Villares Naveira na data 04/10/2019 16:03:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A Dirección Xeral de Emerxencias ten atribuídas, en virtude do Decreto 303/2009, do 21 de maio, as competencias en materia de emerxencias e protección civil, incluíndo a superior dirección en materia de protección civil e emerxencias, así como a planificación e dirección da xestión de riscos e a participación nos programas dos servizos contra incendios e salvamento locais. Ademais, segundo dispón o artigo 13 da Lei de emerxencias 5/2007, do 7 de maio, correspóndelle á persoa titular da Consellería en materia de Emerxencias a proposta ao Consello da Xunta de Galicia do mapa de emerxencias, así como a súa modificación.

A Deputación de Pontevedra elaborara no seu día un estudo-diagnóstico do mapa das emerxencias na provincia no ano 2018. O estudo partía da consideración do territorio provincial en base a isócronas de atención nun tempo máximo de 20 minutos. Fixera así unha serie de propostas para a mellora da planta de parques do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento, que permitisen unha mellor cobertura e o fin das zonas de sombra detectadas nuns 30 concellos da provincia, moi especialmente nos do interior. As propostas tiñan como obxectivo servir de punto de partida para as conversas co Goberno galego, corrixindo así as disfuncionalidades derivadas da implantación dos parques no ano 2011. De feito, o Goberno galego propuxera iniciar conversas para comarcalizar os parques municipais de Vigo e Pontevedra.

As conclusións daquel estudo-diagnóstico foron que hai 52.540 persoas con cobertura “non óptima” na provincia de Pontevedra, ou o que é o mesmo, sen unha atención en menos de 20 minutos. Coa proposta realizada pola Deputación conseguíase reducir esa poboación en “zona de sombra” nun 64,50 %, deixándoa en 18.650 persoas, e coa proposta da Xunta de Galicia, a redución sería do 50,85 % e deixaría a 25.823 persoas en “zona de sombra”. A proposta da Deputación incluía ademais vantaxes operativas en canto á cobertura en número de edificacións, metros cadrados de solo urbano, equipamentos públicos e superficie



de monte forestal. Mentres, a proposta da Xunta de Galicia non resolvía a atención por isócronas de 20 minutos en gran parte da peor “zona de sombra”, situada no interior da provincia.

Asemade, ocorre que noutras deputacións do Estado teñen utilizado con éxito os recursos que lles chegan, vía contribución especial, da patronal dos seguros, “UNESPA”. Quizais estaría ben para a construción das infraestruturas necesarias na actual planta de parques comarcais do Consorcio, mais sería necesario cambiar o réxime financeiro do Consorcio para que a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia achegasen os recursos necesarios para o funcionamento ordinario daquel órgano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en materia de Emerxencias e Protección civil, a:

1. Aceptar a proposta formulada pola Deputación de Pontevedra no ano 2018, nun marco de conversas entre a dita Deputación e a Dirección Xeral de Emerxencias e Protección Civil.
2. Modificar o réxime financeiro do Consorcio para que as achegas procedentes da patronal “UNESPA”, pola vía da contribución especial, pasen exclusivamente ao capítulo de Investimentos, de maneira que a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia acheguen os recursos necesarios para o funcionamento ordinario daquel órgano.

Pazo do Parlamento, 01 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2019 09:26:05

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/10/2019 09:26:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/10/2019 09:26:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2019 09:26:32



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A escaseza de profesionais médicos de distintas especialidades, nomeadamente a Atención Primaria, fai necesaria a adopción de medidas para corrixir esta situación.

En distintos Consellos Interterritoriais do Sistema Nacional de Salud estudáronse medidas, e chegouse a acordos para favorecer o incremento razoable de prazas de especialistas, mediante a flexibilización da acreditación de unidades docentes, ou da modificación do RD 1146/2006 polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde, para incentivar a retención de especialistas en prazas de difícil cobertura, ou en especialidades deficitarias.

Xunto a estas medidas de formación compre tamén adoptar outras que faciliten a incorporación ao sistema de novos profesionais médicos especialistas, ou realizar un estudo de necesidades de especialistas, en base ao Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, previsto para finais do ano 18.

O novo Goberno de España non ten avanzado en ningunha destas e outras medidas aprobadas no Consello Interterritorial, que poderían axudar a resolver o problema do déficit de médicos de Atención Primaria e outros especialistas hospitalarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

- 1.- A dotación dos medios necesarios para reducir os prazos de tramitación e resolución dos expedientes de homologación de títulos de especialista a médicos extracomunitarios.





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2019 09:43:53
Nº Rexistro: 56822
Data envío: 02/10/2019 09:43:53.371

- 2.- Analizar os criterios establecidos na normativa de incompatibilidades do persoal médico ao servizo dos centros e institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- 3.- Poñer en marcha un Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, e realizar en base ao mesmo un estudo de necesidades de Especialistas para o Sistema Nacional de Saúde”.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2019 09:28:07

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/10/2019 09:28:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/10/2019 09:28:49

María Ángeles Garcia Míguez na data 02/10/2019 09:29:08

Marta Rodriguez Arias na data 02/10/2019 09:29:22

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/10/2019 09:29:40

María Soraya Salorio Porral na data 02/10/2019 09:29:58

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2019 09:30:08

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 02/10/2019 09:30:28

Raquel Arias Rodríguez na data 02/10/2019 09:30:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O modelo MIR é recoñecido internacionalmente pola calidade dos profesionais que se forman no mesmo para as distintas especialidades médicas.

Na actualidade e, previsiblemente, para os próximos anos atopámonos nunha situación de déficit de profesionais en distintas especialidades, e nomeadamente en atención primaria.

No Consello Interterritorial de abril de 2018 aprobáronse unha serie de acordos para incrementar as posibilidades de formación de médicos especialistas, e incentivar a retención dos mesmos en prazas de difícil cobertura ou en especialidades deficitarias.

O novo Goberno non ten asumido ningún deses acordos, nin posto en marcha ningunha medida que favoreza a posibilidade de formación dos novos médicos especialistas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar ao Goberno do Estado a modificación o Real Decreto 1146/2006, de 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde para incentivar a retención de especialistas en prazas de difícil cobertura ou en especialidades deficitarias,





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2019 09:44:22
Nº Rexistro: 56824
Data envío: 02/10/2019 09:44:22.697

segundo decida anualmente a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, previo acordo a tal efecto.

- 2.- Solicitar ao Goberno do Estado que o Ministerio de Sanidad impulse unha norma que flexibilice e axilice o procedemento de acreditación de Unidades docentes (especialmente en aquelas especialidades consideradas como deficitarias polas Comunidades Autónomas)".

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2019 09:35:49

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/10/2019 09:36:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/10/2019 09:36:31

María Ángeles García Míguez na data 02/10/2019 09:36:51

Marta Rodríguez Arias na data 02/10/2019 09:37:04

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/10/2019 09:37:25

María Soraya Salorio Porral na data 02/10/2019 09:37:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2019 09:37:54

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 02/10/2019 09:38:15

Raquel Arias Rodríguez na data 02/10/2019 09:38:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

Exposición de motivos:

O Pacto estatal contra a violencia de xénero recolle o reforzo da asistencia xurídica gratuíta ás mulleres vítimas antes, durante e despois do procedemento xudicial, ampliándose tamén a execución da condena, e con incorporación dun maior número de letrados e letradas ás quendas de oficio especializadas e mellorando a formación especializada das mesmas.

En canto á asistencia xurídica gratuíta non existe un asesoramento e acompañamento das mulleres no que respecta aos pasos previos á interposición dunha denuncia. Se este asesoramento se dese desde o momento previo á interposición da denuncia ou ao inicio do procedemento non se incorrería na re-victimización. A extensión do dereito de asistencia gratuíta a este momento previo, permitiría un acompañamento personalizado das mulleres, é dicir, que unha persoa do colexio da avogacía acompañe, asesore e sexa a que se ocupe da tramitación desde o momento previo anterior a interposición da denuncia ata o momento de finalización do procedemento xudicial e incluso á finalización deste, nos termos do recollido na letra g) do artigo 2 da Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta.

Isto supón unha mellora na relación de confianza entre a persoa avogada e a muller que se atopa neste proceso e unha mellora na realización das diferentes tramitacións e coordinacións cos diferentes axentes implicados.



As asociacións que traballan na defensa das mulleres obxecto de violencia de xénero veñen reclamando desde hai tempo a ampliación da asistencia xurídica gratuíta ao momento previo da denuncia.

Isto implica que ten que haber máis formación especializada, continua e rigorosa nas quendas de oficio especializadas contra a violencia de xénero nos colexios da avogacía que asisten a estas mulleres.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Xusticia para:

- 1.- Garantir a asistencia xurídica gratuíta ás vítimas de violencia de xénero con carácter previo á interposición da denuncia, ou inicio de calquera procedemento.
- 2.- Incorporar un maior número de letrados/as ás quendas de oficio especializadas en violencia contra as mulleres, en colaboración co Consello Xeral da avogacía española, nomeadamente os colexios da avogacía de Galicia, para asegurar a efectividade deste dereito.

Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Voceiro e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 02/10/2019 10:12:42



Paula Vázquez Veroa na data 02/10/2019 10:12:51



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto hoteleiro no Pazo dos López de Lemos de Sober foi fortemente apoiado dende o inicio por distintas administracións, resultando un fracaso empresarial.

Na actualidade, o hotel reabriu en xuño de 2019, como “Hotel Eurostars Pazo de Sober”, mediante xestión da cadea hoteleira HOTUSA. Descoñecendo a marcha da xestión do Pazo, si temos constancia de queixas de veciñanza e visitantes, no sentido de que non se permite a visita aos xardíns e zona interior nin o uso regular da cafetería.

O artigo 48 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia establece o réxime de visita pública aos bens declarados como Ben de Interese Cultural, dispoñendo que as persoas propietarias deben permitir “ visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día”.

En 2009, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) concede ao proxecto hoteleiro unha axuda a fondo perdido de 887.619 €, na liña de “grandes investimentos”, para unha inversión inicial fixada en 5.221.294 €. Ese mesmo ano, o Ministerio de Facenda concedeu tamén para o proxecto unha subvención directa de 418.083 €. O mesmo IGAPE, en novembro de 2009, concedeu a este proxecto un préstamo, a baixo interese, do Banco Europeo de Inversións, por importe de 2,5 millóns de euros.



O Concello de Sober inverteu en accesos ao entorno –a través de subvencións da Consellería de Presidencia– e no saneamento –a través dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo–.

Un dos compromisos tanto do Concello como da Consellería de Cultura fora ter fórmulas de colaboración na “organización de convocatorias culturais” así como “na promoción do turismo de calidade”; asemade, o Goberno Local comprometeuse a facer seguimento da marcha do hotel.

Durante este verán de 2019, recibimos múltiples queixas de veciñanza e visitantes pola imposibilidade de visitar os xardíns e as zonas comúns do Pazo, así como pola imposibilidade de facer uso da cafetería.

Consideramos que unha construción de tal importancia para a historia de Sober, que foi elevada co esforzo do campesiñado ao longo da historia, e na que para a súa reconstrución se investiu un volume inxente de cartos públicos, merece ter algún réxime de visitas e gozo por parte da cidadanía.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar ante esta Cámara e o Concello de Sober, no prazo máximo de 6 meses, un estudo sobre as posibilidades de declaración do Pazo dos López de Lemos de Sober como BIC.
2. Presentar ante a Cámara e o Concello de Sober, no prazo máximo de 6 meses, un plan para garantir o goce do Pazo de Sober por parte da cidadanía, mediante a realización de eventos culturais e visitas.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2019.



Asdo.: Paula Vázquez Veroa
Luís Villares Naveira
Deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 02/10/2019 12:09:49

Luis Villares Naveira na data 02/10/2019 12:10:00



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

A asociación de Enxeñeiros Agrónomos do Estado (ANIADE) querelouse contra a Coordinadora Rexional de Inspección de Sanidade Vexetal que depende da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.

A convocatoria publicada no BOE de 30 de xuño de 2017 mediante Resolución de 23 de xuño convocaba un concurso específico para a provisión de postos de traballo vacantes no Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

Para o posto de coordinación rexional de inspección de sanidade vexetal describíanse as tarefas a realizar:

- 1.- Coordinación funcional das inspeccións e controis de sanidade vexetal no ámbito dos intercambios con terceiros países, en aplicación da lexislación comunitaria e nacional de controis fitosanitarios de vexetais e produtos vexetais nas importacións e exportacións
- 2.- Realización das inspeccións e controis de sanidade vexetal no ámbito do punto 1 cando procedese.
- 3.- Inspeccións e expedición de certificados fitosanitarios nas exportación e importación de vexetais e produtos vexetais



4.- Supervisión do mantemento e funcionamento das instalacións, e da homoxeneidade dos controis fitosanitarios efectuados nos PIF, dentro da súa área de coordinación.

5.- Tarefas de valoración doo xustiprezo en fincas rústicas derivado da actuación dos Xurados Provinciais de Expropiación forzosa

6.- Disponibilidade en horario de 24 horas.

Entre os requisitos esixidos para o posto con código 937978 non se esixía titulación, inda que o posto corresponde ao grupo A1 (por tanto licenciados superiores, grado ou diplomatura):

1.- Experiencia na aplicación da lexislación nas funcións de inspección e control fitosanitario de vexetais e produtos vexetais

2.- Experiencia no uso de bases de datos: CEXVEG, PQR e EUROPHYT

3.- Coñecemento acreditado doutro idioma da UE

4.- Experiencia en coordinación e supervisión en grupos de traballo.

5.- Experiencia na valoración do xustiprezo nas fincas rústicas por actuar nos XPEF.

6.- Coñecemento acreditado da lingua oficial da CCAA.

Entre os delitos que lle imputan a Coordinadora da Zona I de Sanidade Vexetal en Pontevedra: falsidade en documento oficial e uso de certificación falsa para a obtención do posto de traballo.

A Asociación sinalou na querela que para acceder á súa praza a Coordinadora presentou documentos que acreditaban a experiencia na aplicación da lexislación comunitaria e nacional en funcións de inspección e control fitosanitario de vexetais e produtos vexetais en réxime de importación e exportación, cando en realidade, podería ser que nunca tivera e hoxe tampouco o recoñecemento preciso para realizar os controis fitosanitarios nin a traxectoria profesional na materia, aportando un documento acreditativo presuntamente falso.



Ademais, a coordinadora carecería da titulación universitaria para realizar as inspección de Sanidade Vexetal e poder exercer o traballo, e non podería nin realizar xamais unha soa inspección fitosanitaria.

A falta de dilixencia da Administración é evidente xa que era coñecedora deste asunto, inda antes da adxudicación do posto en marzo de 2018 e que decidiu non facer ningunha actuación, sabendo que os principios de mérito e capacidade estaban xa cuestionados, e tamén a correcta eficacia no servizo público.

Isto que parece de perogrullo non o é xa que esta persoa é a responsable na coordinación e toma de decisións nos controis fitosanitarios nos portos e aeroportos, así como no desenvolvemento de procedementos no caso de entrada de organismos nocivos en materia vexetal en toda a rexión fitosanitaria, que inclúe Galicia, Asturias, León, Zamora e Salamanca.

Estamos ante unha situación de risco para o patrimonio natural pola mala xestión e presunto delito por parte de cargos públicos, debido á falta de competencia do coordinador.

Entre as pragas ás que se enfronta o patrimonio natural galego e toda a rexión anexa destacan as seguintes

Aleurocanthus woglumi (Aleco)

Ceratitis rosa (certro)

Drosophila suzukii (drossu)

Platynota stultana (Plaast)

Lobesia e Columeris oculivitis

Xylella fastidiosa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para esixir a titulación e formación requirida no desempeño do posto con código 937978 Coordinación Rexional de Inspección de Sanidade Vexetal da provincia de Pontevedra para toda a Zona I, segundo a descrición mesmo recollida na Resolución de 23 de xuño de 2017 da Subsecretaría, pola que se convoca concurso específico para a provisión de postos de traballo.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez.

Paula Vázquez Verao.

Francisco Casal Vidal.

Luís Villares Naveira

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 02/10/2019 12:22:27

Paula Vázquez Verao na data 02/10/2019 12:22:37

Francisco Casal Vidal na data 02/10/2019 12:22:48

Luis Villares Naveira na data 02/10/2019 12:22:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga** e das súas deputadas **Teresa Porritt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

En poucos días chegaremos á data da saída do Reino Unido da Unión Europea, se non hai decisións que o remedien. O Goberno británico parece impulsar unha saída sen acordo como o segundo óptimo se a Unión Europea non acepta unha renegociación dos termos xa coñecidos. Esta saída abrupta coloca numerosos interrogantes sobre o que sucederá a partir do 30 de outubro nas relacións entre a cidadanía e as empresas españolas e o Reino Unido, así como entre a cidadanía e as compañías británicas e España. Tanto nos intercambios de bens como nos de servizos; nos dereitos laborais, sociais, políticos e de mobilidade; en ámbitos como a pesca, a educación e a investigación, entre outros.

Nestas circunstancias o Goberno de España ten activado Plans de continxencias para o Brexit. Estableceuse un sistema de coordinación interministerial e autonómico de información e traballo sobre o *Brexit* a través dos órganos seguintes:

- Comisión Interministerial para el Seguimiento de Retirada de Reino Unido de la Unión Europea (ou Comisión Interministerial para el *Brexit*, CIB)
- Grupo de Trabajo *Brexit*
- Grupo de Puntos Focales *Brexit*
- Conferencia para Asuntos Relacionados con la Unión Europea para la coordinación con las comunidades autónomas

O que dou lugar ás seguintes accións neste ano en curso:



- O 11 de xaneiro presentouse ao Consello de Ministros un informe sobre a planificación de continxencias, que incluía as tres liñas estratéxicas de planificación: regulamentos; loxística, para a subministración de recursos materiais e persoais; e comunicación.
- O 14 de xaneiro lanzouse a pestana Brexit na páxina web de Moncloa e progresivamente os diferentes departamentos ministeriais están habilitando contido sectorial máis específico.
- O 8 de febreiro, o Consello de Ministros adoptou un acordo e aprobou o Real decreto 47/2019 cun reforzo de 1.735 persoas para atender aos servizos afectados polo Brexit.
- O 1 de marzo aprobouse o Real decreto lei 5/2019, que ten como finalidade recoller as medidas de adaptación do ordenamento xurídico español para afrontar as consecuencias dunha retirada do Reino Unido da Unión Europea sen acordo concluído segundo o disposto no artigo 50.2 do Tratado da Unión Europea.

Ademais, a Delegación do Goberno en Galicia puxo en marcha a Comisión especial para o Brexit.

A Xunta de Galicia activou un Foro galego do Brexit, montou unha plataforma dixital para aconsellar a empresas e creou recentemente un grupo de traballo interdepartamental para enfrontar a situación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a activar coa máxima urxencia os Plans de continxencia para o Brexit nos ámbitos da súa competencia, en coordinación co Goberno de España.”

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Teresa Porritt Lueiro
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2019 12:39:21
Nº Rexistro: 56843
Data envío: 02/10/2019 12:39:21.401

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2019 12:37:02

María Teresa Porritt Lueiro na data 02/10/2019 12:37:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2019 12:37:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e o do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.^a**, sobre as medidas encamiñadas ao futuro da automoción en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A automoción é un subsector clave da produción industrial galega. Non só porque supoña aproximadamente un 13,5% do PIB galego, non só porque del dependan máis de 22.000 empregos industriais, senón tamén porque, arredor da factoría de Citroën en Vigo, foi capaz de desenvolver un conxunto de actividades e empresas auxiliares e de compoñentes, totalmente integradas na economía local e que son un elemento esencial de transferencia de coñecemento ao sistema produtivo, de innovación tecnolóxica, de modernización do noso tecido industrial, e en consecuencia, de xeración de emprego e de valor engadido.

Ademais, esta é unha das poucas ramas da nosa industria que experimentou crecementos sistemáticos non últimos anos e, tendo en conta o actual devalo industrial da economía galega, non nos podemos permitir perder máis produción nin emprego industrial no noso país.

Certamente a industria da automoción está a encarar transformacións profundas tanto no presente coma no futuro próximo, que xa é inmediato. Nese contexto o papel das Administracións é fundamental, para crear as condicións que permitan tornar os riscos asociados a esas transformacións en oportunidades para manter e mesmo aumentar tanto a produción coma o emprego neste sector.



O reto da transición enerxética, da descarbonización da economía, e da transición cara a mobilidade eléctrica non pode abordarse de xeito improvisado. Menos aínda se temos en conta que máis do 90% dos vehículos producidos no Estado español están propulsados por combustible fósiles, e dentro deles, os vehículos diésel son a parte máis importante.

Pero os cambios que está a experimentar o sector da automoción non son simplemente tecnolóxicos, estamos ante un cambio do modelo de mobilidade, cara unha mobilidade máis eficiente e máis sustentable, e ante unha transformación profunda do modelo de negocio do sector da automoción, que xa non vende fundamentalmente produtos (coches) senón servizos de mobilidade.

A transformación desa realidade cara xeitos de mobilidade máis sustentables non é algo que se poida producir da noite para a mañá, nin desde a óptica da produción, que necesita realizar os investimentos precisos para adaptar as súas cadeas de produción, nin desde o punto de vista dos consumidores, que teñen que tomar decisións a medio prazo sobre a renovación dos seus vehículos. Pero dende logo é un cambio imprescindible e próximo ante o que as administracións teñen que comprometerse.

Por se non fose suficiente, o sector afronta tamén as consecuencias dunha posible saída inminente, e sen acordo, do Reino Unido da Unión Europea, que é o terceiro destino das exportación españolas de vehículos, e que pode ter consecuencias importantes sobre o noso sector de compoñentes.

Por todo isto, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O parlamento insta á Xunta de Galicia a:



1. Desenvolver un plan estratéxico do automóbil centrado nos cambios inminentes no sector que centre de maneira prioritaria as axudas ao I+D+i ao desenvolvemento dos vehículos eléctricos, así como aos autónomo e conectados.
2. Establecer unha liña de investimento público-privada que conte coas universidades galegas para desenvolver novas tecnoloxías de baterías en Galicia.
3. Comprometerse á que as renovacións de flota da administración se fagan con coches eléctricos.
- 4 Deseñar una rede pública de puntos de recarga de vehículos eléctricos.
5. Presentar un informe, antes do remate do ano en curso, sobre as previsibles consecuencias do Brexit sobre o sector da automoción así como un plan de continxencia ante as mesmas.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Marcos Cal Ogando

Vicevoceira e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56860
Data envío: 02/10/2019 15:46:59.388

Luca Chao Pérez na data 02/10/2019 15:40:44

Marcos Cal Ogando na data 02/10/2019 15:40:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, María Luisa Pierres López e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A estrada LU-636, pertencente á rede de estradas da Xunta de Galicia, une as localidades lucenses de Sarria e Becerreá cunha lonxitude de 30,640 km, e forma parte da denominada rede primaria complementaria.

Esta estrada estaba chamada a converterse no acceso natural á autovía A-6 de gran parte dos veciños e veciñas da Comarca de Sarria e tamén na vía de comunicación lóxica entre os Ancares lucenses e o sur da provincia, pero na actualidade atopase moi lonxe de satisfacer tales cometidos.

Un ancho de calzada insuficiente a partir do quilómetro 16 en Láncara, a ausencia de barreiras de protección e un estado de conservación moi mellorable, especialmente no último tramo de estrada entre a parroquia de Saa e Becerreá, son os seus elementos definitorios.

Como consecuencia do anterior e durante os últimos anos, esta estrada tense convertido nun perigo para os condutores polo precario estado no que se atopan algúns tramos. Esta situación agrávase nas épocas de choiva, porque o firme vólvese especialmente esvaradío ocasionando constantes saídas de vía e accidentes.

Non debemos esquecer que o Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 considera un obxectivo estratéxico a existencia de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, considerando accións necesarias para acadar tal obxectivo (entre outras) a mellora da seguridade viaria na zona de circulación, a mellora da seguridade viaria nas marxes das estradas e a conservación da rede autonómica.

Resulta necesario, polo tanto, desenvolver con carácter urxente unha actuación integral desta vía na que se contemple máis ancho de calzada, cunetas, sumidoiros, sinalización horizontal e vertical e medidas de seguridade viaria que eliminen con carácter definitivo toda a problemática existente.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo de xeito inmediato, as melloras necesarias na estrada autonómica LU-636 que une Sarria con Becerreá, incluíndo as obras e posterior sinalización, para garantir a seguridade neste tramo.

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2019 12:58:05

Patricia Otero Rodríguez na data 02/10/2019 12:58:21

María Luisa Pierres López na data 02/10/2019 12:58:38

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/10/2019 12:58:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2019 13:01:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, e das súas deputadas e deputado, **Begoña Rodríguez Rumbo**, **José Manuel Pérez Seco** e **Teresa Porritt Lueiro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**

Exposición de motivos

O pasado venres, 27 de setembro, o consello de administración de Endesa comunicaba á Comisión Nacional do Mercado de Valores, como feito relevante, a “promoción da discontinuidade da produción” nas súas centrais térmicas de As Pontes e Litoral Almería). Esta decisión empresarial responde no fundamental á evolución recente do prezo dos dereitos de emisión de dióxido de carbono e ás perspectivas sobre ese mercado. A pesar dun investimento de modernización das instalacións de 210 millóns de euros, executado na súa maior parte, e das indicacións aos empresarios do transporte de carbón para que adaptasen os seus vehículos (en moitos casos con créditos).

Esa decisión de Endesa afecta de xeito moi negativo ao cadro de persoal da central, ás empresas auxiliares (empresarios/as e traballadores/as) e, en xeral, á vida de toda a comarca así como ao tráfico do porto de Ferrol. Cómpre explorar todas as posibilidades para darlle continuidade á produción de enerxía na actual central; e cómpre procurar alternativas de futuro complementarias para As Pontes e a súa comarca.

Debe ser unha tarefa común, coa participación do conxunto das institucións. Pero a empresa Endesa ten que saber que despois de tantos anos ten obrigas co tecido social da comarca e non pode ollar para outro lado.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Promover un Plan de Transición Industrial en Galicia, no marco dunha transición enerxética xusta, procurando alternativas viables para as zonas especialmente afectadas por procesos de peche empresarial. Este Plan, que debe encadrarse no Plan Estratéxico 2021-2025, será sometido ao Parlamento de Galicia para procurar un acordo parlamentario amplo.



2. Establecer de xeito inmediato un programa específico para a activación económica da comarca do Eume-Ortegal, que contemple, entre outras medidas, actuacións en infraestruturas, na formación de traballadores e traballadoras para a súa adaptación a novas competencias e de fomento de alternativas empresariais (medidas fiscais, de dotación de solo industrial, etc.).
3. Solicitar ao Goberno de España a súa colaboración con estas iniciativas, impulsando a creación dun Fondo para a transición enerxética xusta co que poidan financiarse accións estruturais nas áreas afectadas.
4. Impulsar conxuntamente con sindicatos e outros axentes sociais, económicos e institucionais, en colaboración co Goberno de España, un programa de actuacións en relación coa central térmica de As Pontes que contemple:
 - a) A negociación coa empresa para o mantemento durante o máximo tempo posible da produción de enerxía na central, dentro dos marcos da descarbonización pactada na UE.
 - b) A negociación coa empresa para que poña en marcha, logo das análises pertinentes, alternativas para a produción de enerxía na central a partir de fontes diferentes ao carbón (biomasa, lodos de depuradora, residuos agrarios,....)
 - c) A negociación coa empresa para que teña en conta na provisión para o peche das plantas a situación dos traballadores, a situación dos autónomos dependentes que traballan para Endesa así como a súa colaboración con iniciativas emprendedoras.
5. Apoio legal e, de ser o caso, financeiro a aquelas empresas de autónomos-dependentes con dificultades para facer fronte ao pagamento de créditos nos que incorreron como consecuencia das indicacións de Endesa.”

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Begoña Rodríguez Rumbo
José Manuel Pérez Seco
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2019 10:31:26

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/10/2019 10:31:43





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2019 10:35:09
Nº Rexistro: 56883
Data envío: 03/10/2019 10:35:09.646

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/10/2019 10:32:06

María Teresa Porritt Lueiro na data 03/10/2019 10:32:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

“Non hai planeta B”, manifestan milleiros de mozas e mozos europeos un venres cada mes. A nosa sociedade está na obriga de recoñecer a Emerxencia Climática; xa que logo, Galicia debería ser declarada en situación de Emerxencia Climática.

A Comisión Europea (baseándose nos datos da comunidade científica) ten recoñecido que os plans para cumprir co Acordo de París contra o cambio climático son insuficientes. O mundo ten diante o maior desafío da nosa época, que precisa dun novo *modus vivendi*. Cómpre aproveitar ese desafío da loita contra o cambio climático para actualizar paradigmas políticos de éxito e axeitalos á nova realidade mundial. Cómpre un novo pacto social apoiado na loita contra a desigualdade; a definición dun novo modelo económico baseado na sustentabilidade e o establecemento dun marco normativo que inclúa a todos os sectores clave ademais do enerxético, tales como a agricultura, os residuos, a industria e o turismo.

Galicia é aínda unha das reservas verdes de España, polo que, dando exemplo, está na obriga de non quedar fóra dese novo acordo e de estar disposta a actuar coa urxencia necesaria. É preciso promover a toma de toda clase de accións reais para loitar, mitigar e nos adaptar á crise climática, coa asignación dos recursos necesarios para facer fronte a unha das maiores ameazas sobre a nosa democracia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, dentro do marco da crise climática que afecta tamén a Galicia, adoptar medidas reais, con asignacións orzamentarias anuais concretas, para mitigar e nos adaptar á crise climática, tales como:



1. O establecemento dun plan autonómico de descarbonización nesta lexislatura, co horizonte de acadar unha economía neutra de carbono no 2035.
2. O aumento do uso de materiais reciclados nas obras públicas, co obxectivo de se achegar ao 40 por cento.
3. A promoción de acordos e convenios con outras administracións para cofinanciar programas e accións concretas de loita contra a crise climática.
4. A aprobación dun plan de fomento das enerxías renovables e do autoconsumo enerxético no sector público galego.

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/10/2019 11:23:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2019 11:23:12

María Luisa Pierres López na data 03/10/2019 11:23:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2019 11:23:31



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

En febreiro de 2013, varios eurodeputados viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas. Así, as rías de Pontevedra, Arousa, O Burgo ou Noia.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (polo tanto, a Galicia) ante o TXUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas, porque falla un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Lamentablemente non era a primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Logo chegou a sanción millonaria do Tribunal de Xustiza da UE (globalmente, unha multa coercitiva de 10,9 millóns de euros por cada semestre de atraso e unha sanción de 12 millóns por incumprir a normativa comunitaria de saneamento) pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira, que erosiona a credibilidade do país, resta recursos que se poderían dedicar á mellora da calidade da auga e ameaza o acceso a posibles fontes europeas de financiamento. A ninguén se lle escapa que este desastre algo ten que ver coa herdanza que deixou o Goberno de Rajoy e coa nefasta xestión do Goberno galego en materia de depuración de augas residuais. E a cuestión está en que o Estado vai repercutir sobre as comunidades autónomas responsables do incumprimento as dúas sancións.

E non remata aí o tema, España enfróntase na UE a outros procedementos de infracción en materia de saneamento e depuración, un deles pola contaminación no eixo Pontevedra-Marín-Poio-Bueu, para os que o Goberno do Estado vai elaborar o Plan Nacional de Depuración, Saneamento, Eficiencia, Aforro e Reutilización, cun investimento estimado de preto 10.000 millóns de euros nos vindeiros 18 anos (2/3 desas actuacións corresponderanlles ás comunidades autónomas e 1/3 ao Estado e aos concellos).



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar un plan de rexeneración de todas as rías galegas para esta lexislatura 2016-2020, que reduza con efectividade os niveis de contaminación existentes e poña fin ás infraccións da lexislación da UE declaradas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, mantendo en condicións as infraestruturas existentes; mellorando as EDAR e o proceso de tratamento e xestión dos vertidos das augas residuais a través da súa depuración e estendendo a rede de tratamento do saneamento que evite os vertidos continuos ou fóra de parámetro.

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Luís Manuel Álvarez Martínez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/10/2019 11:31:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2019 11:31:39

María Luisa Pierres López na data 03/10/2019 11:31:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/10/2019 11:31:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 1 de outubro, inesperadamente, a Consellería de Medio Ambiente anuncia que vai declarar unha “Emerxencia Cinexética” en catro zonas do País que abranguen 33 concellos, un feito insólito pero previsto no propio regulamento de caza do ano 2001.

Mais tamén resulta chamativo, que o día 2 de outubro o Diario Oficial de Galicia, (nº 187”) publique a Resolución do 23 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se modifica a Resolución do 15 de maio de 2019 na que se determinan as épocas hábiles de caza, recolle unha serie de medidas para actuar fronte ao xabaril. Isto vén poñer de manifesta evidencia que existe nesta cuestión tal dimensión de improvisación que resulta preocupante.

Esta declaración conleva unha serie de medidas que desde o BNG consideramos fóra de lugar que ademais de perigosas para a poboación humana por introduciren medidas de altísimo risco, non sopesa as implicacións ás que se lles responsabiliza aos TECORES cinexéticos, por exemplo a efectos de responder ante posibles accidentes de tráfico nos días que haxa caza, ou a ampliar os custes de vixilancia, amén de non dar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solución real ó problema do xabaril, dos danos que este causa na agricultura e da ameaza que potencialmente representa para a sanidade da poboación porcina como vector transmisor da PPA.

A inacción e a desidia mostrada ó longo destes anos no tratamento deste problema contrasta coa prása que lle entra ós responsables políticos do PP neste último ano, digamos que abondoso en períodos electorais. As políticas levadas a cabo ata o ano 2016 foron de axudas á prevención e ós danos ocasionados e deixáronse de convocar ata este 2019. A resposta que se nos deu desde a Consellería foi que non había queixas dabondo e que o problema non era tal.

En 2019, unha intensificación das batidas de caza e unha orde de axudas insultante polo descoñecemento do problema de parte de quen a confeccionou e que exclúe cultivos esenciais e inclúe outros que non existen neste noso país, semellaba dar remate a esta sucesión de desatinos. Pero non, a declaración de Emerxencia Cinexética superaría tódalas posibilidades na sucesión de despropósitos.

Non hai Plan de Xestión da especie, non hai censo por comarcas, non hai protocolos nin medidas de Bioseguridade... Só caza, caza e caza... iso si, neste momento a declaración de emerxencia ata os mesmos cazadores a cualifican de medida irresponsable pola falta de medidas de seguridade.

No monte e nos cultivos, mesmo en inverno hai xente traballando, apañando cogomelos, castañas, practicando sendeirismo, ciclismo... xente, persoas e tamén fauna que desde xa e ata marzo corren perigo na súa integridade física e mesmo na súa vida.

Rifles, balas, miras telescópicas, batidas non organizadas como marca a lei, esperas erráticas, diúrnas e nocturnas, modalidades propias da caza menor e individuais para presas de caza maior, gandeiros armados... Medidas todas elas de dubidosa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

legalidade. En conxunto un cúmulo de ocorrencias que denota, e é obriga dicilo, que as cabezas que pensan isto non saben moi ben de que vai o asunto. Trátase da lei do mínimo esforzo que vén practicando o goberno galego desde hai xa anos. Pasar a outros o peso da xestión do problema incluídas as cargas económicas. Nunha nova mostra de irresponsabilidade política botan todo o peso nos tecores, mesmo o dos danos nos accidentes automobilísticos provocados polo porco bravo que a partir de agora incrementaranse pois tódolos días poderán ser de caza, se así se solicita, e de movemento desesperado das piaras e dos exemplares solitarios.

A declaración de emerxencia cinexética só debería sustentarse no caso de contar con datos de partida elementais, é dicir, a partir de estimas de poboación obtidos con métodos técnicos contrastados, de demostrarse a suposta sobreabundancia. Preguntándonos de onde parten os datos poboacionais cos que declaran as zonas con maior incidencia? A información que vostedes empregan non a creen nin os seus propios técnicos, procedente tan só do número de avisos deixados nun teléfono no que ninguén cree... Metodoloxía científica de última hora.

Medidas de bioseguridade? Mover a carne dos exemplares cobrados é un risco maior có movemento dos exemplares vivos.

Tomaron en conta o alcance da bala saída do cano dun rifle? O dano que pode causar a bala perdida? Que seguridade ofrece que haxa gandeiros cazando ao salto ou en esperas en lugares do monte inconcretos sen sinalizar e advertir durante calquera día da semana? A inseguridade que imos sentir a xente que vivimos no campo durante este período tanto de día coma de noite? Vostedes semella que chaman polos accidentes, e isto de prosperar pode acabar mal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a :

- Retirar e ou suspender calquera acción conducente á aprobación de xeito inmediato da declaración de emerxencia cinexética feita sobre o porco bravo nas catro zonas e das medidas vencelladas a ela.

- Recuperar o alento polo esforzo e despois elaborar un Plan de Xestión da especie que inclúa unha estima poboacional, a súa incidencia por comarcas e a protocolarización de tódalas medidas que, por separado ou combinadas, faciliten manexar o tamaño da especie e reducir os danos nos cultivos e no tráfico.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 12:12:21

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 12:12:41

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 12:12:47

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 12:12:54

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 12:13:01

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 12:13:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de setembro, a dirección de Endesa anunciaba a súa intención de adiantar a solicitude de peche da Central Térmica das Pontes malia que inicialmente esta central tiña iniciado diversos investimentos para prolongar a súa vida xa que no 2016 comprometeu investimentos por máis de 200 millóns. Recentemente, xa en maio de 2019 anunciou que, agás solicitalo o goberno central por unha necesidade de subministro, as Pontes e Litoral (Almería) terían o seu peche fixado 15 anos antes, no 2030. Finalmente, parece que o escenario sería dez anos antes, 2020.

Esta nova chega despois de varios meses caracterizados pola confirmación de que Naturgy non investiría na Térmica de Meirama, a inestabilidade no goberno central, suba de prezos do mercado de emisións, que leva a paradas do carbón máis alá do Estado español e tamén dunha grande conflitividade nas industrias dependentes da enerxía eléctrica no marco dunha forte crise industrial que está a poñer en xaque a economía galega despois dunha década na que a política na materia foi exclusivamente de desregulación.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, neste momento As Pontes e por extensión Galiza vive as consecuencias consecuencias negativas da privatización do sector enerxético (recordemos que Endesa foi, en orixe, empresa pública), as consecuencias dun modelo enerxético actual de explotación colonial, imposto e ao servizo dos intereses das eléctricas e as consecuencias da falta de soberanía limita o noso dereito a deseñar un novo modelo enerxético galego. Ademais, faino afectada por un historial de agravio con Galiza nos recursos para paliar as consecuencias do carbón e da súa crise e por unha dinámica de política electoralista e partidista por parte do goberno central en funcións e por parte do goberno do PP na Xunta de Galiza, máis centrados no seu propio beneficio que na saída a esta situación.

Galiza non pode consentir que despois deste espolio Endesa peche da noite para a mañá de forma abrupta e sen termos encamiñada unha alternativa que palíe os efectos de decisións arbitrarias da empresa ou do goberno central ao tempo que as políticas de Núñez Feijóo nos levan a un deserto industrial.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar unha mesa de traballo para a situación de emerxencia das Pontes participada polos axentes sociais, políticos, a empresa, o goberno central e a propia Xunta de Galiza no que se aborde e planifique a resposta a esta situación e se deseñe o desenvolvemento económico e industrial alternativo para a zona.

2. Demandar a negociación directa de Galiza daquelas cuestións que afecten ao noso país no ámbito estatal e internacional e particularmente:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Demandar por todas as vías posíbeis -tamén xudicial- que se compense a Galiza a débeda histórica contraída polos sucesivos incumprimentos dos Plans Carbón e pola súa exclusión a partir do 2012 até a actualidade, incluíndo Galiza en condicións de igualdade no novo acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sostíbel para as comarcas mineiras para o período 2019-2027 e en todos aqueles mecanismos que se determinen.

b) Esixir a inclusión de Galiza no plan denominado *Green and fair new deal* que está a deseñar a Unión Europea para compensar os territorios que perdan emprego e actividade na aplicación do proceso de descarbonización enerxética.

c) Esixir compensacións e responsabilidade económica da propia Endesa.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 12:59:58

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 13:00:01

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 13:00:07

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 13:00:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 13:00:24

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 13:00:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

Despois de case 9 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

O pasado mes de abril, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo.

A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptíbeis de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 13:41:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 13:41:14

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 13:41:21

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 13:41:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 13:41:35

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 13:41:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a preocupación social que está a xerar a creación dunha universidade privada e a posición do Parlamento de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde finais de 2018 coñecemos os plans da fundación de Abanca para impulsar a creación dunha universidade privada en Galiza. Este proxecto está a xerar unha importante preocupación social, nomeadamente entre a comunidade universitaria, polos prexuízos que pode ocasionar –de saír adiante– no Sistema Universitario Galego.

As universidades públicas galegas fixeron desde a súa creación, especialmente ao longo dos últimos anos, inxentes esforzos para garantir unha importante calidade docente e investigadora así como para se adaptar ás exixencias que a Xunta de Galiza lles foi requirindo, quer na especialización dos cambios, quer na adaptación das titulacións.

Especialmente titánico foi o esforzo económico das tres universidades públicas que tiveron que enfrontar os peores anos da crise económica cun orzamento reducido que aínda hoxe non se recuperou dos recortes e está lonxe de contar cos recursos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicos suficientes que lles permitan enfrontar, entre outros, a situación derivada de cadros docentes avellentados e moitas veces precarizados.

Para o Grupo parlamentario do BNG, a hipotética irrupción dunha universidade privada no noso país, non cabe dúbida que xeraría importantes distorsións no actual mapa do SUG.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento manifesta por resolución a súa aposta, firme e decidida, pola universidade pública e amosa a súa preocupación diante das distorsións que podería ocasionar a creación dunha universidade privada no noso país. Neste senso, a Cámara insta a Xunta de Galiza a facer valer, en todo momento, o interese público xeral fronte á vontade empresarial particular e que, en ningún caso, destine recurso público algún a este proxecto.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 14:02:10

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 14:02:17

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 14:02:24

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 14:02:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 14:02:39

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 14:02:47



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Xan Xosé Jove González e Marcos Cal Ogando e da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**

Exposición de motivos

A concienciación da cidadanía na defensa dos animais ten mudado moito nos últimos anos, cunha maior esixencia xeneralizada de políticas que protexan e dignifiquen aos animais fronte a prácticas de abandono e maltrato, que actualmente se producen, aínda que, no porcentual, de xeito minoritario no noso país.

Segundo as estimacións elaboradas cada ano pola Asociación Animalista Libera e a FFW, a partires de datos de recollida de animais de familia en toda clase de circunstancias, o abandono tense convertido nun problema que non deixa de medrar, con ata 22.000 cans e gatos, na súa maioría, deixados á súa sorte no ano 2018.

Esta situación obrigaría, en condicións normais, a que os poderes públicos deseñaran unha estratexia clara e continuada de sensibilización e prevención, amosando á poboación escolar con especial interese as boas prácticas, coidados e bo trato que merecen os animais, medidas solidarias como a adopción fronte á compravenda e a cosificación dos seres vivos como meros obxectos e mesmo o rexeitamento á súa explotación en toda



clase de espectáculos cruentos.

Nesta visión, a Corporación de Radiotelevisión de Galicia ten que xogar un papel fundamental como medio público de comunicación, a través da produción de contidos propios ou difusión de terceiros, realización de magacines e pímulas informativas sobre o respecto animal e materiais axeitados para a infancia e adolescencia nos coidados e benestar dos seres vivos.

A CRTVG ten que dar a coñecer os casos de maltrato e as actuacións, ou non, que desenvolve a Xunta de Galicia e fomentar un espírito crítico sobre a falta de interese dalgunhas administracións públicas na elaboración deste tipo de políticas, e isto só se pode acadar cuns medios públicos 100% libres de intervencionismo electoralista ou político.

Fronte a retransmisión de touradas, de contidos onde se ensalza a crueldade, a CRTVG ten a oportunidade de posicionarse como un medio público veraz, comprometido e adicado tamén á defensa dos animais.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presente a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**



O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

- Reclamar da CRTVG a elaboración de contidos audiovisuais que fomen-
ten os coidados e bo trato dos animais nas súas diferentes programacións e
incluír no Código de Autorregulación o veto a contidos que poidan ensal-
zar e defender o maltrato animal, como a emisión de touradas.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove Gonzalez

Ánxeles Cuña Bóveda

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 03/10/2019 16:17:13

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 03/10/2019 16:17:21

Marcos Cal Ogando na data 03/10/2019 16:17:34

José Manuel Lago Peñas na data 03/10/2019 16:17:54



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56943
Data envío: 03/10/2019 16:20:27.954

CSV: BOPGDSPGkww73atwa5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a retirada dos catálogos de persoal dos centros de Infantil e Primaria as especialidades de PT e AL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG-Ensino vén de denunciar publicamente a vontade da Inspección educativa da Coruña de retirar dos catálogos de persoal dos centros de Infantil e Primaria as especialidades de PT e AL. Así terían trasladado as xefaturas de Inspección e Territorial desta área nunha xuntanza coas direccións dos centros públicos coruñeses.

Actualmente as especialidades de PT e AL fan parte dos catálogos de persoal de Infantil e Primaria mentres que en Secundaria, FP e réxime especial son asignadas, supostamente, en virtude das necesidades dos centros.

O feito diferencial de Infantil e Primaria parte dun acordo de 2007 entre a Xunta e as organizacións sindicais que, semella, Educación pretende suprimir agora.

Galiza conta na actualidade cunha porcentaxe moi elevada de inclusión nos centros de ensino ordinarios, é dicir, o alumnado con necesidades educativas específicas matricúlase, coma calquera outra crianza, nos centros convencionais na procura da súa inclusión social, porén, precisa de apoio na aula para que esta sexa real e efectiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A supresión destes perfís profesionais suporía, sen dúbida, unha merma da calidade educativa. Lonxe de que desaparezan do catálogo o que debería centrar os esforzos da Consellaría de Educación é o deseño e implementación dun verdadeiro Plan de atención á diversidade que dote do persoal necesario os centros de ensino garantindo, entre outros, a presenza de PT e AL en todos os centros.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a deseñar un Plan de atención á diversidade, debidamente orzado, que garanta o persoal necesario de PT e AL en todos os centros de ensino e a desbotar calquera proposta dirixida a suprimir estes perfís profesionais do catálogo de persoal dos centros de Infantil e Primaria.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 17:02:02

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 17:02:08

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 17:02:14

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 17:02:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 17:02:29

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 17:02:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2002 dase inicio ó Proceso de Consentación Parcelaria en oito parroquias do concello de Agolada repartidas en dous núcleos : Baíña, Sexo, Agra e Val coma núcleo 1 e Berredo, Eidián, Basadre e Ramil coma núcleo 2.

No 2004 desde a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural promóvese o Estudo de Impacto Ambiental dos dous núcleos.

No DOGA de 13 de xuño de 2005 publicanse os estudos e planos parcelarios, nºs. de rfa.: núcleo 1-ST 3509 18 e núcleo 2-ST 3511 20.

No ano 2.008 faise o levantamento topográfico dos dous núcleos e no 2009 decláranse rematadas e aprobadas as Declaracións de Impacto Ambiental: o 21 de setembro para o núcleo 1 e o 14 de decembro para o núcleo 2.

A inversión en todo este proceso ascende a 830.000 euros...e no ano 2010 parálanse os traballos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o ano 2017, xentes interesadas na continuidade deste proceso de reestruturación manteñen contactos con diferentes autoridades locais e altos cargos da Xunta de Galicia, entre eles o Sr. Director Xeral de Desenvolvemento Rural e a xefatura provincial de Medio rural. En concreto o sr. Pérez Dubois prometeu retomar o proceso manifestando o seu interese pola fertilidade das zonas en cuestión xa coñecida por el.

No ano 2018 procédese á unha nova recollida de sinaturas a instancia do Sr. Alcalde e do sr. Pérez Dubois alegando a modificación da normativa. A resposta son máis de 800 nos núcleos 1 e 2 e 120 no n.º 3 que serían as parroquias de Sesto e Brocos.

Estas sinaturas representan nos núcleos 1 e 2 o 95% dos propietarios e o 98% dos CEAs. No núcleo 3 representan o 90% de propietarios e a totalidade dos CEAs.

Houbo máis contactos e visitas do sr. P. Dubois e mesmo do Conselleiro nas que se negaron e reiteraron promesas...

Estamos a falar de parroquias ribeireñas do Ulla cunha alta capacidade produtiva e con proxectos de aproveitamento e desenvolvemento rural novidosos xunto a outros xa consolidados.

Merece especial mención a abundancia de explotacións intensivas de porcino aves e coellos e o complemento que a abundancia destes fertilizantes pode supoñer á existencia de proxectos agrogandeiros viables na súa base territorial e con posibilidades de asentamento poboacional.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a retomar o proceso de reestruturación parcelaria nas parroquias de Baña, Sexo, Agra e Val, Berredo, Eidián, Basadre e Ramil e inicialo nas de Sesto e Brocos, todas elas pertencentes ó concello de Agolada.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 18:13:05

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 18:13:13

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 18:13:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 18:13:27

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 18:13:35

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 18:13:43



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

